

CEIP DE REFOXOS

Ciencias da Natureza 3ºEP

Curso 2021-22

Nuria Abuín Carou

Contido

Base legal.....	3
Introdución e contextualización.....	3
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	3
Concreción dos obxectivos	4
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	9
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	15
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	16
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	17
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	17
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	18
Medidas de atención á diversidade.....	19
Concreción dos elementos transversais.....	20
Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	20
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	20

Base legal.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, LOMCE, que modificou a Lei orgánica 2/200, do 3 de maio, de educación (LOE).

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021.

Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.

Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

Introdución e contextualización.

O noso centro é un colexio rural cunha área de influencia que abarca as dúas parroquias do interior do Concello de Oia: Loureza e Burgueira. O contexto sociolingüístico é galego falante case na súa totalidade cunha grande influencia do castelán cada curso máis palpable.

O alumnado está agrupado en 5 grupos: 4ºEI, 5ºEI e 6ºEI, 1ºEP e 2º EP, 3ºEP e 4º EP e 5º1 EP e 6º EP. En total este curso temos escolarizadas a 44 crianzas: 20 en infantil e 24 en primaria.

O grupo de 3ºEP está composto por 2 crianzas (1 neno e 1 nena) e tendo en conta a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o curso, farase imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo e da metodoloxía didáctica de ser o caso.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia na área curricular de ciencias sociais implica a habilidade progresiva para poñer en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica: identificar e considerar problemas relevantes, formular preguntas, localizar, obter, analizar e representar información... considerar e contrastar solucións... e todo iso, en contextos tan variados como sexa posible. O desenvolvemento desta competencia nesta área leva consigo utilizar nos ámbitos persoal e social diferentes razoamentos matemáticos para dar unha mellor resposta aos contextos cotiáns nos que nos encontremos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polos seres humanos no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

O desenvolvemento da competencia lingüística na área de Ciencias Sociais lévanos a adestrar diferentes destrezas e habilidades que supoñen establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co medio, e achegarse a novas culturas que adquiren consideración e respecto na medida que se coñecen. Esta competencia está presente na capacidade efectiva de convivir e resolver conflitos.

A utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, de interpretación, de comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento, favorecerá un maior desenvolvemento lingüístico no alumno, apuntando a usar de modo funcional, polo menos unha lingua estranxeira.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

A competencia dixital desde a área de Ciencias Sociais comportará facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para avaliar e seleccionar novas fontes de información para comprender a realidade social na que vivimos contribuíndo á súa mellora. Esta competencia axudaranos a transformar a información en coñecemento para aplicalo en distintas situacións e contextos nos que o alumnado se vaia encontrando.

Na área de Ciencias Sociais adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A área de Ciencias Sociais axudaranos a coñecer o mundo no que vivimos, afondar no coñecemento da nosa sociedade, e a comprender a realidade histórica e social do noso contorno. Esta competencia implica poñer en xogo habilidades de pensamento diverxente e converxente, comporta reelaborar ideas, sentimentos propios e alleos,... para poder comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións de diferentes manifestacións culturais.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e da vida cotiá.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Ciencias Sociais incide na comprensión da realidade social na que se vive, entre outras. Esta competencia axudaranos a desenvolver a comprensión sobre os trazos da sociedade actual, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo. Desenvolve tamén a idea de mostrar un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.

Así mesmo, forman parte desta competencia aquelas habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, que deberemos resolvelos con actitude construtiva e que tomaremos decisións con autonomía empregando unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo duns patróns culturais básicos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Ciencias Sociais axudará a desenvolver o sentido de iniciativa do alumnado a través de fomentar a transformación de ideas en accións, é dicir, propoñerse obxectivos, planificar e levar a cabo proxectos. Isto lévanos a adestrar actitudes positivas cara ao cambio e a innovación; habilidades relacionadas co liderado de proxectos que inclúen visión, espírito de superación, habilidades para o diálogo e cooperación, organización de tarefas, etc.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender axúdanos a ser conscientes de como se aprende, de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe. Esta competencia fai necesaria a perseveranza na aprendizaxe, a capacidade de autoavaliarse e autorregularse sabendo administrar o esforzo, aprendendo dos erros dun mesmo e dos demais, incidindo en formulacións de metas alcanzables a curto, medio e longo prazo elevando de forma progresiva e realista os obxectivos de aprendizaxe.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Concreción dos obxectivos .

- Valorar o patrimonio natural para desenvolver pautas de respecto á natureza.
- Realizar unha lectura comprensiva, expresiva e crítica de diferentes tipos de textos relacionados cos contidos da área.
- Expresar, de forma oral e escrita, clara e ordenadamente o contido de textos escritos de carácter científico significativos para a área empregando de forma adecuada o vocabulario específico.
- Asimilar a importancia do deporte para o benestar persoal e social desenvolvendo hábitos de saúde relacionados coa nutrición, cos órganos dos sentidos, coa hixiene e co coidado do corpo.
- Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano e mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
- Utilizar criterios de clasificación orientados e relacionados con pautas alimentarias, reprodutivas e morfolóxicas e criterios propios para caracterizar animais da zona.
- Identificar as necesidades fundamentais dos seres vivos a partir do coñecemento das funcións vitais.
- Clasificar os animais segundo sexan vertebrados ou invertebrados.
- Identificar e describir as características xerais dos animais vertebrados e as características específicas dos grupos de peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos.
- Identificar e describir as características xerais dos animais invertebrados e as características específicas dos principais grupos de invertebrados.
- Coñecer as distintas relacións que os seres humanos establecemos cos animais, como fontes de alimentos e produtos, como axuda no traballo, como compañía, etc., e desenvolver hábitos de respecto e coidado cara a eles.
- Describir as características xerais das plantas, as súas partes e as funcións que desempeña cada unha delas, e clasificar os tipos de plantas segundo os seus talos.
- Valorar a importancia das plantas como produtoras de alimentos e como reguladoras dos gases do aire, e desenvolver pautas de respecto cara ás plantas.
- Utilizar diferentes fontes de información para a construción de contidos relacionados coa área.

- Identificar as propiedades dos materiais dos que están feitos algúns obxectos valorando o papel dos avances tecnolóxicos e inventos na mellora das condicións de vida da nosa sociedade.
- Construír algún aparato sinxelo para coñecer as características e as funcións dalgunhas máquinas, recoñecendo a súa importancia nos avances da nosa sociedade.
- Identificar os materiais que se poden reciclar aplicando as diferentes regras que existen para a reciclaxe.
- Identificar accións que contaminan a auga e o aire, e que prexudican as plantas e os animais, comprendendo a importancia do coidado da natureza, e coñecendo e valorando os espazos protexidos do seu ámbito.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información, aprender e compartir coñecementos, e valorar a súa contribución á mellora das condicións de vida.
- Mostrar unha actitude participativa e responsable en actividades de grupo.
- Analizar e valorar criticamente algunhas manifestacións da intervención humana no medio, e adoptar un comportamento de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do patrimonio natural.
- Interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio natural mediante códigos numéricos, gráficos, cartográficos e outros.
- Planificar e realizar proxectos, dispositivos e aparatos sinxelos cunha finalidade previamente establecida, utilizando o coñecemento das propiedades dalgun materiais, substancias e obxectos.
- Orientar a toma de decisións na súa actividade cotiá integrando a información recollida a través de distintas fontes, explorando posibles solucións e valorando o seu propio proceso de aprendizaxe.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Iniciación á actividade científica							
CN-B1.1	3º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza a información importante,	Selecciona a información mais relevante e sabe comunicala de maneira oral e escrita.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CAA CCL CMCT CSIEE CD

	<p>obtéñ conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.</p> <p>Peso: 6%</p>						
CN-B1.1	<p>3º-CNB1.1.2 - Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p> <p>Peso: 3%</p>	<p>É autónomo na planificación de tarefas.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).</p>	<p>CAA CMCT CSIEE</p>
CN-B1.2	<p>3º-CNB1.2.1 - Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.</p> <p>Peso: 3%</p>	<p>Establece hipóteses sobre un feito próximo.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).</p>	<p>CAA CMCT CSIEE</p>
CN-B1.3	<p>3º-CNB1.3.1 - Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>Peso: 3%</p>	<p>Coñece e aplica estratexias de estudio.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).</p>	<p>CAA CMCT CSC CSIEE</p>

Bloque 2 : O ser humano e saúde							
CN-B2.1	3º-CNB2.1.1 - Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida. Peso: 4%	Explica o funcionamento do propio corpo e os cambios nas diferentes etapas da vida.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT
CN-B2.1	3º-CNB2.1.2 - Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. Peso: 6%	Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT
CN-B2.2	3º-CNB2.2.1 - Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola. Peso: 3%	Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CMCT CSC
CN-B2.2	3º-CNB2.2.2 - Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención. Peso: 3%	Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade)	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT
CN-B2.3	3º-CNB2.3.1 - Clasifica alimentos en función dos nutrientes	Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT

	principais. Peso: 6%						
CN-B2.3	3º-CNB2.3.2 - Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola. Peso: 3%	Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada .	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT CSC CSIEE
Bloque 3: Os seres vivos							
CN-B3.1	3º-CNB3.1.1 - Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. Peso: 6%	Clasifica animais vertebrados e invertebrados en función das características básicas.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT CSIEE
CN-B3.1	3º-CNB3.1.2 - Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaa con criterio científico. Peso: 6%	Clasifica plantas en función das características básicas.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT CCL CSIEE
CN-B3.1	3º-CNB3.1.3 - Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas. Peso: 2%	Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CMCT CAA
CN-B3.2	3º-CNB3.2.1 - Coñece as funcións de	Coñece as funcións de relación, reprodución e	X		X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CMCT

	relación, reproducción e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes. Peso: 6%	alimentación dun ser vivo .				INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	
CN-B3.2	3º-CNB3.2.2 - Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado. Peso: 4%	Comunica os resultados da observación do ciclo vital.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CMCT CCL CSIEE CD
Bloque 4: Materia e enerxía							
CN-B4.1	3º-CNB4.1.1 - Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá. Peso: 5%	Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT CSC
CN-B4.1	3º-CNB4.1.2 - Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola. Peso: 3%	Emprega actitudes de recollida de residuos na escola.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CMCT CSC
CN-B4.2	3º-CNB4.2.1 - Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.	Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT CCL

	Peso: 4%						
CN-B4.2	3º-CNB4.2.2 - Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais. Peso: 4%	identifica forzas que fan que os obxectos se movan.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).	CMCT
CN-B4.3	3º-CNB4.3.1 - Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga. Peso: 4%	Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CMCT
CN-B4.3	3º-CNB4.3.2 - Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados. Peso: 3%	Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e observa os resultados.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CMCT
Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas							
CN-B5.1	3º-CNB5.1.1 - Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento. Peso: 3%	Utiliza máquinas de uso cotiá.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).	CMCT
CN-B5.1	3º-CNB5.1.2 - Identifica e explica a	Identifica a enerxía utilizada nos obxectos cotiás.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas.	CMCT CCL CSC

	<p>enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.</p> <p>Peso: 4%</p>					<p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).</p>	
CN-B5.2	<p>3º-CNB5.2.1 - Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</p> <p>Peso: 3%</p>	<p>Relaciona oficios coas máquinas empregadas.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva (50%).</p>	<p>CMCT CCL CSC</p>
CN-B5.2	<p>3º-CNB5.2.2 - Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</p> <p>Peso: 3%</p>	<p>É capaz de construír un obxecto sinxelo.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación (20%).</p>	<p>CMCT CCEC CD</p>

Concrecións metodolóxicas que require a materia.

O punto de partida de cada sesión de clases será unha chuvia de ideas co obxectivo de enlazar co traballo feito na clase anterior ou de ter unha idea dos coñecementos previos do alumnado no caso de empezar cun novo tema de estudo.

Outras das actividades recorrentes serán aquelas que permitan ao alumnado organizar a información de forma sinxela e o máis visual posible para reforzar a atención e a memoria. Imos a aprender a facer mapas mentais, esquemas chave, infografías sinxelas e táboas partindo de textos sinxelos.

A avaliación do traballo diario realizarase a través de rexistros de observación das actividades tanto orais como escritas. Os cadernos de traballo do alumnado serán utilizados tanto como visualizadores da capacidade de organización persoal das crianzas como como soporte de recompilación das tarefas propostas.

Nas materias de ciencias, a adquisición progresiva do vocabulario específico é moi importante xa que é fundamental para a comprensión dos temas de estudo, polo que lle dedicaremos un tempo específico en cada tema. O primeiro paso será sempre confeccionar un glosario na aula virtual que despois utilizaremos como base para distintas actividades: encrucillados, sopas de letras, o aforcado....

Potenciarase, na medida do posible, a aprendizaxe colaborativa a través de traballos en parella ou en pequeno grupo. Contribuír a lograr un obxectivo común é unha das aprendizaxes máis importantes de cara a formar cidadáns e cidadás responsables e respectuosos/as o que é un dos obxectivos principais da etapa.

A utilización dos recursos audiovisuais e de internet en xeral será incluída nas aulas de forma habitual sempre que sexa posible. Procurarase que a formación nas TIC sexa activa e crítica, co obxectivo de ir creando usuarios/as o menos pasivos/as posible, que saiban como moverse de forma segura nos entornos virtuais.

Tentarase sempre que a avaliación sexa continua e formativa. Para que o proceso de ensino aprendizaxe teña éxito a detección das dificultades é fundamental. Unha das formas de facelo eficazmente é a través da análise dos erros que comete o alumnado e da súa corrección en positivo. O traballo no caderno e as probas escritas periódicas servirán de punto de partida para deseñar aquelas actividades de reforzo ou ampliación que resulten necesarias.

Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.

- Cadernos do alumnado.
- Pizarra dixital.
- Libro de texto.
- Aula virtual.
- Fotocopiáveis con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Cartaces e murais.
- A biblioteca.
- O noso entorno social: familias da comunidade escolar, asociacións veciñais, comunidades de montes, concello...
- O noso entorno natural: patio exterior, área na natureza, o río Tamuxe, a serra da Groba...
- Materiais e recursos aportados polo alumnado.

- Materiais de laboratorio.
- Materiais para a realización de traballos artísticos.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

En cada avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	20%
Probas de avaliación escritas	50%
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	20%
Actitude e traballo na aula	10%

Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL	
1ª Avaliación	30%
2ª Avaliación	30%
3ª Avaliación	40%

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			

Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Cantas crianzas forman o grupo?

Cal é a súa dinámica interna?

Que fortalezas hai que potenciar?

Que necesidades se detectan?

--

Que crianzas necesitan un maior seguimento? Por que?

Medidas de atención á diversidade.

Medidas para dar resposta ás necesidades individuais.
<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Modificacións dos espazos e distribución da aula.<input type="checkbox"/> Modificacións dos agrupamentos.<input type="checkbox"/> Xestión especial do tempo.<input type="checkbox"/> Deseño de materiais de traballo adaptados.<input type="checkbox"/> Intervención do DO.<input type="checkbox"/> Planificación de reforzos desenvolvidos por outro docente na aula

Instrumentos de seguimento e avaliación
<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Rexistros de observación.<input type="checkbox"/> Probas de específicas de avaliación.<input type="checkbox"/> Xuntanzas de coordinación do equipo docente.

Concreción dos elementos transversais.

Promoción e afianzamento de:

- A resolución pacífica de conflitos.
- A prevención e rexeitamento da discriminación e da violencia nas súas distintas manifestacións:
 - Cara a muller.
 - Cara as persoas dunha etnia diferente.
 - Cara as persoas migrantes.
 - Cara as persoas LGTBI.
 - Cara as persoas con discapacidade.
- Unha vida saudable a través da práctica regular de deporte e dunha dieta equilibrada.
- Actividades relacionadas coa educación e a seguridade viaria para favorecer a convivencia nas vías e previr accidentes de tráfico.

Actividades complementarias e extraescolares programadas.

As actividades que se levarán a cabo ao longo do curso, tanto complementarias como extraescolares, son as reflectidas na Programación Xeral Anual (PXA) e todas aquelas que vaian surxindo relacionadas cos temas de estudo.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación es distinta unidades de programación?

Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe?

Determináronse os estándares de aprendizaxe mínimos?

Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os instrumentos de avaliación e indicadores de logro?

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Deseñouse a avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos seus resultados?
	Tivéronse en conta co grupo específico de alumnos medidas xerais de intervención educativa?
	Contempláronse as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo?
	Realizouse adaptación curricular significativa de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria?
	Realizouse aceleración parcial de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria?
	Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación ao alumnado vinculados cos estándares de aprendizaxe?
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación propostos ao alumnado?	

Presentáronse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita?

Consideráronse medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe?

Aplicouse a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.?

Vinculáronse as unidades de programación con situacións reais, significativas, funcionais e motivadoras para o alumnado?

Identificouse en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe?

Utilizáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados?

Identificáronse os estándares de avaliación mínimos nas diferentes unidades de programación?

As familias tiveron acceso á programación?

Realizouse unha análise técnica-normativa dos recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado?

Foi a coordinación do profesorado continua, practica e produtiva?

Tratáronse de forma preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación?

As actividades extraescolares e complementarias foron as adecuadas?

CEIP DE REFOXOS

Ciencias Sociais 3ºEP

Curso 2020-21

Nuria Abuín Carou

Contido

Base legal.....	3
Introdución e contextualización.....	3
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	3
Concreción dos obxectivos	8
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	9
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	17
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	18
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	18
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	19
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	19
Medidas de atención á diversidade.....	20
Concreción dos elementos transversais.....	21
Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	21
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	21

Base legal.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, LOMCE, que modificou a Lei orgánica 2/200, do 3 de maio, de educación (LOE).

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021.

Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.

Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

Introdución e contextualización.

O noso centro é un colexio rural cunha área de influencia que abarca as dúas parroquias do interior do Concello de Oia: Loureza e Burgueira. O contexto sociolingüístico é galego falante case na súa totalidade cunha grande influencia do castelán cada curso máis palpable.

O alumnado está agrupado en 5 grupos: 4ºEI, 5ºEI e 6ºEI, 1ºEP e 2º EP, 3ºEP e 4º EP e 5º1 EP e 6º EP. En total este curso temos escolarizadas a 44 crianzas: 20 en infantil e 24 en primaria.

O grupo de 3ºEP está composto por 2 crianzas (1 neno e 1 nena) e tendo en conta a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o curso, farase imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo e da metodoloxía didáctica de ser o caso.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia na área curricular de ciencias sociais implica a habilidade progresiva para poñer en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica: identificar e considerar problemas relevantes, formular preguntas, localizar, obter, analizar e representar información... considerar e contrastar solucións... e todo iso, en contextos tan variados como sexa posible. O desenvolvemento desta competencia nesta área leva consigo utilizar nos ámbitos persoal e social diferentes razoamentos matemáticos para dar unha mellor resposta aos contextos cotiáns nos que nos encontremos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polos seres humanos no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

O desenvolvemento da competencia lingüística na área de Ciencias Sociais lévanos a adestrar diferentes destrezas e habilidades que supoñen establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co medio, e achegarse a novas culturas que adquiren consideración e respecto na medida que se coñecen. Esta competencia está presente na capacidade efectiva de convivir e resolver conflitos.

A utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, de interpretación, de comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento, favorecerá un maior desenvolvemento lingüístico no alumno, apuntando a usar de modo funcional, polo menos unha lingua estranxeira.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

A competencia dixital desde a área de Ciencias Sociais comportará facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para avaliar e seleccionar novas fontes de información para comprender a realidade social na que vivimos contribuíndo á súa mellora. Esta competencia axudaranos a transformar a información en coñecemento para aplicalo en distintas situacións e contextos nos que o alumnado se vaia encontrando.

Na área de Ciencias Sociais adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A área de Ciencias Sociais axudaranos a coñecer o mundo no que vivimos, afondar no coñecemento da nosa sociedade, e a comprender a realidade histórica e social do noso contorno. Esta competencia implica poñer en xogo habilidades de pensamento diverxente e converxente, comporta reelaborar ideas,

sentimentos propios e alleos,... para poder comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións de diferentes manifestacións culturais.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e da vida cotiá.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Ciencias Sociais incide na comprensión da realidade social na que se vive, entre outras. Esta competencia axudaranos a desenvolver a comprensión sobre os trazos da sociedade actual, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo. Desenvolve tamén a idea de mostrar un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.

Así mesmo, forman parte desta competencia aquelas habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, que deberemos resolvelos con actitude construtiva e que tomaremos decisións con autonomía empregando unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo duns patróns culturais básicos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Ciencias Sociais axudará a desenvolver o sentido de iniciativa do alumnado a través de fomentar a transformación de ideas en accións, é dicir, propoñerse obxectivos, planificar e levar a cabo proxectos. Isto lévanos a adestrar actitudes positivas cara ao cambio e a innovación; habilidades relacionadas co liderado de proxectos que inclúen visión, espírito de superación, habilidades para o diálogo e cooperación, organización de tarefas, etc.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender axúdanos a ser conscientes de como se aprende, de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe. Esta competencia fai necesaria a perseveranza na aprendizaxe, a capacidade de autoavaliarse e autorregularse sabendo administrar o esforzo, aprendendo dos erros dun mesmo e dos demais, incidindo en formulacións de metas alcanzables a curto, medio e longo prazo elevando de forma progresiva e realista os obxectivos de aprendizaxe.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Concreción dos obxectivos .

- Iniciarse no uso da busca de información, rexistro e presentación sobre asuntos sinxelos do contorno próximo previamente delimitados.
- Desenvolver o interese pola busca de información utilizando tanto a lectura como as TIC.
- Resolver de forma cooperativa experiencias sinxelas guiadas por preguntas que debe de responder utilizando a observación, instrumentos habituais e rexistros claros.
- Coñecer os principais astros do sistema solar.
- Coñecer as características básicas da Terra e os seus movementos.
- Identificar as capas da Terra e nomear algunhas das súas características.
- Identificar os movementos da Lúa e as súas fases. Coñecer as súas características.
- Iniciarse en hábitos de orientación e nocións espaciais. Nomear e identificar os puntos cardinais.
- Coñecer as características dun plano e un mapa.
- Coñecer os diferentes gases que compoñen o aire. Nomear algunhas das súas características.
- Coñecer e identificar diferentes fenómenos atmosféricos e as súas causas.
- Coñecer os diferentes estados da auga na natureza.
- Coñecer os cursos de auga, identificando tipos de augas (subterráneas e superficiais).
- Coñecer tipos de paisaxe, identificar os seus elementos e nomear as súas características.
- Tomar conciencia do ámbito familiar do que forma parte e coñecer os valores que fundamentan a vida en familia.
- Recoñecer, apreciar e valorar a súa pertenza a uns grupos sociais e culturais determinados (barrio, localidade, comunidade autónoma, etc.), con características e trazos propios (normas de comportamento, costumes, valores, lingua, cultura, etc.).
- Coñecer as manifestacións culturais populares do contorno máis próximo.
- Situar e representar espacialmente os elementos máis significativos do ámbito local e autonómico.
- Desenvolver unha actitude de respecto cara as características e trazos propios doutros grupos, rexeitando calquera tipo de discriminación.
Para levar a cabo un plan específico de medias de atención á diversidade e á inclusión do alumnado e máis especificamente do alumnado con algún tipo de necesidade específica de apoio educativo (N.E.A.E.) partiremos da avaliación inicial levada a cabo nas 2 primeiras semanas do curso e descrita as súas actuacións no punto 9 desta programación anual.

Despois de elaborar a descrición do grupo unha vez realizada a avaliación inicial, deberemos recoller as necesidades individuais de cada alumno/a, así como as necesidades grupais da aula en xeral.

Neste punto podemos servirmos dunha serie de cuestións que podemos contestarnos do tipo:

1. Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou persoalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (Ter en conta aos alumnos con necesidades educativas,

- con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).
2. Que medidas organizativas imos adoptar? (Planificación de reforzos, localización de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
 3. Que medidas curriculares imos adoptar? Que recursos imos empregar?
 4. Que modelo de seguimento imos utilizar con cada un/a de eles?
 5. Cada canto e como imos avaliar os seus progresos?

Así mesmo poderemos decidir que alumnado será obxecto de apoio por parte dalgún especialista (Ao)/Ao), consultado e consensuado co DO ou cal deles necesitará RE ou ACS e en que área necesitarao.

Concreción dos elementos transversais.

A concreción dos elementos transversais, realizaranse a través de tódalas áreas, sempre tendo en conta as circunstancias actuais.

Actividades complementarias e extraescolares programadas.

As actividades que levarán a cabo ao longo do curso, tanto complementarias como extraescolares, quedan reflectidas na Programación Xeral Anual (PXA), aprobadas por todo o Claustro de profesores/as e polo Consello Escolar do Centro.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Neste apartado pretendo promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propónse unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			

Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

CEIP DE REFOXOS

Programación Música

3ºEP

Curso 2021-22

Sandra Pérez Míguez

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 Entorno e centro.

2.2 Educación artística.

2.3 Distribución do alumnado e información académica.

2.4 Necesidades específicas individuais.

3. ORGANIZACIÓN CURRICULAR NA ETAPA DE PRIMARIA

3.1 Competencias clave.

3.2 Obxectivos didácticos.

3.3 Táboa contidos, criterios e estándares de avaliación.

3.4 Temporalización das unidades.

3.5 Conmemoracións e celebracións.

3.6 Contidos intercurriculares.

3.7 Contidos de tratamento transversal, valores e actitudes.

4. AVALIACIÓN

4.1 Táboa dos estándares por curso.

4.2 Temporalización, ponderación e instrumentos de avaliación dos estándares do curso.

4.3 Criterios de cualificación e promoción.

4.4 Mínimos esixibles.

4.5 Tipos de avaliación.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

5.1 Programas de reforzo e ampliación.

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

7. RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

7.1 Organización de recursos.

7.2 Horario de clases.

8. PROXECTOS DE CENTRO

9. ADDENDA: ADAPTACIÓN COVID-19

1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Esta programación foi deseñada seguindo as pautas mencionadas nos seguintes documentos:

- ❖ **Ley Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ❖ **REAL DECRETO 126/2014**, do 28 de febreiro, que establece o currículo básico en Primaria.
- ❖ **DECRETO 105/2014**, do 4 de Setembro, que establece o currículo de Primaria en Galicia.
- ❖ **Orde do 20 de abril de 2016** pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ❖ **Orden ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria.
- ❖ Aplicamos o protocolo COVID do 22 de setembro.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 ENTORNO e CENTRO

O centro é un C.E.I.P. situado nunha zona rural do sur da provincia de Pontevedra, sitúase nunha poboación duns 3.000 habitantes. Obsérvase unha constante expansión demográfica nos últimos anos e a súa poboación en xeral pódese considerar como de clase media-baixa, con nivel sociocultural medio-baixo, desenvolvendo gran parte dela no sector da agricultura e gandería.

Nun radio de 8 quilómetros atópase outro centro de educación primaria.

Trátase dun Centro de Educación Primaria e Infantil de liña única e agrupamento por ciclos.

O horario xeral do centro é de 9:00h a 14:00h, de setembro a xuño. É un horario de xornada continua, participando no PLAMBE con apertura de biblioteca pola tarde tres días.

O centro está situado nun edificio de dúas plantas, e o material de música está dentro da aula de 5º e 6º de Ed. Primaria.

2.2 EDUCACIÓN ARTÍSTICA (Música)

CEIP de Refoxos	
PROFESORA	Sandra Pérez Míguez
CURSO	3º Curso do grupo mixto de 3º e 4º.

2.3 DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO E INFORMACIÓN ACADÉMICA

	Nº alumnos	INS	5	6	7	8	9	10
3º primaria	2	-	-	1	-	1	-	-

2.4**NECESIDADES ESPECÍFICAS INDIVIDUAIS**

Os datos están recollidos no departamento de Orientación, salientando a seguinte información académica recollida na anterior táboa sobre os resultados académicos para axudar a facer unha avaliación diagnóstica inicial o máis precisa posible.

En segundo lugar atenderase ás indicacións do titor ou titora, do equipo de orientación e audición e linguaxe para atender aquelas necesidades ou dificultades que se detecten a partir da avaliación inicial e evolución do curso.

3.**ORGANIZACIÓN CURRICULAR DA ETAPA DE PRIMARIA****3.1****COMPETENCIAS CLAVE**

Aténdese en primeiro lugar ás tres competencias clave prioritarias:

- Competencia en comunicación lingüística, Competencia en aprender a aprender e destreza do traballo en grupo (integrada dentro da Competencia social e cidadá)

Como esta programación corresponde á programación dunha especialidade, remitímonos ás programacións dos diferentes niveis, onde se incluírán os perfís competenciais de cada curso, e a modo obxectivos fundamentais na programación didáctica para cada competencia traballaremos os seguintes obxectivos dende a área de música, sempre presentes na aula para poder ser consultadas polo alumnado:

Competencia en Comunicación Lingüística

- | | |
|--|---|
| 1. Expresarse con soltura. | 6. Recoñecer o silencio como factor |
| 2. Realizar comentrios constructivos. | imprescindible para unha boa comunicación. |
| 3. Formular preguntas. | 7. Traballar distintos idiomas e dialectos. |
| 4. Empregar a comunicación non verbal. | 8. Mellorar a dicción, entonación, |
| 5. Coidar e explorar a voz. | expresividade e acentuación. |

Competencia para Aprender a Aprender

- | | |
|---------------------------------------|---|
| 1. Participar nas actividades. | 7. Preocuparse polo resultado obtido. |
| 2. Coordinarse cos compañeiros. | 8. Solucionar os problemas autónomamente. |
| 3. Desenvolver a capacidade crítica. | 9. Motivarse no traballo. |
| 4. Esforzarse e intentar mellorar. | 10. Aprender novas técnicas de estudio. |
| 5. Autoavaliarse. | 11. Improvisar, crear e experimentar |
| 6. Planificar e organizar o traballo. | fomentando a confianza e éxito persoal. |

Competencia Social e Cívica

- | | |
|-----------------------------------|--|
| 1. Traballar en equipo. | 6. Traballar en silencio. |
| 2. Crear un bo clima de traballo. | 7. Expresarse sen prexuízos. |
| 3. Respetar aos compañeiros/as. | 8. Explorar diversas culturas e folclores. |
| 4. Asumir responsabilidades. | 9. Resolver os conflitos pacíficamente. |
| 5. escoitar con atención. | 10. Coidar o material. |

Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor

- | | |
|---|--|
| 1. Dialogar con corrección. | 6. Liderar as actividades. |
| 2. Coidar o material. | 7. Respetar os compañeiros e profesores. |
| 3. Mellorar o autoconceito e autoestima. | 8. Aprender dos erros. |
| 4. Participar en todas as actividades. | 9. Asumir as consecuencias. |
| 5. Solucionar os problemas con autonomía e rapidez. | 10. Desfrutar do traballo. |
| | 11. Entender a interacción social. |

Competencia Conciencia e Expresións Culturais

- | | |
|---|---|
| 1. Comentar as obras. | 7. Adquirir técnica. |
| 2. Expresar os gustos musicais. | 8. escoitar diferentes estilos musicais. |
| 3. Empregar as críticas para mellorar. | 9. Crear un repertorio persoal variado. |
| 4. Promover a iniciativa e creatividade. | 10. escoitar en silencio. |
| 5. Expoñer os traballos en público. | 11. Recoñecer obras de prestixio e populares. |
| 6. Comprender o valor cultural das expresións artísticas. | 12. Compartir e desfrutar en grupo. |
| | 13. Coñecer as bases da linguaxe musical. |

Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía

- | | |
|--|--|
| 1. Traballar conceptos matemáticos. | 7. Analizar o entorno para eliminar o ruído. |
| 2. Traballar a medida musical das figuras e as súas equivalencias. | 8. Utilizar a reciclaxe na creación de instrumentos. |
| 3. A pulsación. | 9. Descubrir a xeografía. |
| 4. Traballar a forma musical. | 10. Utilizar as Tics. |
| 5. Traballar a xeometría nas danzas. | 11. Gravar as propias producións. |
| 6. Coidar o propio corpo. | 12. Concienciarse en valores positivos. |

Competencia Dixital

- | | |
|--|--|
| 1. Dominar aplicacións e programas informáticos. | 5. Coidar o material informático |
| 2. Buscar en Internet con seguridade. | 6. Traballar con aplicacións musicais. |
| 3. Gravar as propias producións. | 7. Entender os dereitos de autor. |
| 4. Coñecer riscos en Internet. | 8. Aplicar a responsabilidade no traballo na rede. |

3.2**OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

O Decreto de currículo de referencia non establece obxectivos específicos das áreas da educación primaria. Porén, remitímonos aos obxectivos de etapa do Decreto 105/2014 do 4 de setembro, onde os propios estándares se poden considerar obxectivos posto que son a finalidade que pretendemos acadar.

A grandes rasgos, para orientar a función docente, deseñáronse os seguintes obxectivos en cada curso:

TERCEIRO

- Participar e desfrutar da música nas súas distintas facetas, danza, canto, teatro e interpretación instrumental.
- Recoñecer os erros e autocorrexirse.
- Respetar aos compañeiros e traballo docente favorecendo un bo clima de aula.
- Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.
- Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons.
- Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
- Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario e grupo, empregando a voz e instrumentos.
- Aplicar á práctica instrumental os conceptos de linguaxe musical aprendidos.
- Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.
- Explorar as posibilidades sonoras dos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.
- Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

3.3

CONTIDOS, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN DE PRIMEIRO

3º CURSO		
BLOQUE 1. ESCOITA: Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.		
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / “OBXECTIVOS”
<p>B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.</p> <p>B1.2. Asistencia a algunha representación musical.</p> <p>B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.</p> <p>B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.</p> <p>B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.</p> <p>B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.</p> <p>B1.7. Acento e pulso.</p> <p>B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.</p> <p>B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).</p> <p>B1.10. Compases binarios e ternarios.</p> <p>B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.</p>	<p>B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.</p> <p>B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.</p> <p>B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</p> <p>B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</p>	<p>EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.</p> <p>EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</p> <p>EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</p> <p>EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.</p> <p>EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.</p> <p>EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.</p> <p>EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.</p> <p>EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.</p> <p>EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.</p> <p>EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.</p>
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL: O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.		
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / “OBXECTIVOS”
<p>B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.</p>	<p>B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz</p>	<p>EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.</p> <p>EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos</p>

<p>B2.2. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.</p> <p>B2.3. Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.</p> <p>B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.</p> <p>B2.5. Dobre barra e DC.</p> <p>B2.6. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.</p> <p>B2.7. Ditados melódicos sinxelos.</p> <p>B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.</p> <p>B2.9. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.</p> <p>B2.10. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.</p> <p>B2.11. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</p> <p>B2.12. Construción dun instrumento.</p>	<p>ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.</p> <p>B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.</p> <p>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</p>	<p>sinxelos.</p> <p>EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.</p> <p>EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.</p> <p>EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.</p> <p>EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</p> <p>EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.</p> <p>EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.</p>
<p>BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.</p>		
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / “OBXECTIVOS”
<p>B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.</p> <p>B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.</p> <p>B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.</p> <p>B3.4. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</p>	<p>B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.</p> <p>B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</p>	<p>EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</p> <p>EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.</p> <p>EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</p> <p>EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</p>

Dada a franxa de idade en que nos atopamos, tendo en conta as súas características psicoevolutivas, e posto que esta planificación se realiza nun nivel teórico e con anterioridade á avaliación inicial do alumnado e á concreción definitiva da totalidade de actividades extraescolares e proxectos nos que participará o centro, temos que resaltar o **carácter aberto e flexible** que debe ter unha programación. As modificacións que se realicen con respecto a esta planificación, de realizarse, reflectiranse na memoria final de curso, afectando principalmente ao enriquecemento dos contidos a traballar.

3.4

TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES

Mes	Semana	UD	LONXITUDINAIS	
Setembro	10 a 11	UD 1, Torneo musical medieval Avaliación Inicial. Historia da Música, Prehistoria e música Medieval.	PROXECTO UD 14 UN COLE DE CINE Ud lonxitudinal de todo o curso que introduce o cine no traballo diario da clase de música con audicións e interpretacións de BSO e música que aparece no cine.	
	14 a 18			
	21 a 25			
Outubro	28/9 a 2	UD 2, Un outono no barroco Semana do espazo. Historia da Música, Renacemento e Barroco		PROXECTO UD 15 PLUMARÍN, DE VIAXE POLO MUNDO
	5 a 9			
	13 a 16			
	19 a 23	UD 3, Un samaín clásico Samaín Historia da música, Clasicismo.		
	26 a 30			
Novembro	2 a 6	UD 4, O magosto romántico Magosto 20, Día Universal da Infancia. 25, Día Intr. contra a Violencia de Xénero.		
	9 a 13			
	16 a 20			
	23 a 27			
Decembro	30/11 a 4	UD5 LUCES, CÁMARA E ACCIÓN!! Festival de Nadal. Do 3 ao 10, conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. 3, Día Internacional das Persoas con Discapacidade. 10, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		
	9 a 11			
	14 a 18			
	21 a 22			
Xaneiro	11 a 14	UD 6, Rodando en Europa Estudio do folklore en Europa.		
	18 a 22			
	25 a 29			
Febreiro	1 a 5	UD 7, Rodando en América 30/1, Día Escolar da Paz. Estudio do folklore en América.		
	8 a 12			
	18 a 19			
	22 a 26	UD 8, Rodando en Ásia Entroido. 8, Día Internacional da Muller Traballadora. Estudio do folklore en Ásia.		
Marzo	1 a 5			
	8 a 12			
	15 a 19	UD 9, Rodando en África Do 11 ao 15, Semana da prensa. 15, Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. Estudio do folklore en África.		
	22 a 26			

Mes	Semana	UD	LONXITUDINAIS	
Abril	6 a 9	UD 10, Un pouco de Rock 7, Día Mundial da Saúde. Do 23 ao 26, Semana do Libro. Conmemoración dos maios. Traballo sobre o estilo musical rock and roll.		
	12 a 16			
	19 a 23			
	26 a 30			
Maio	3 a 7	UD 11, Imos co Pop 2, Día Internacional contra o acoso escolar. 9, Día de Europa. Do 13 ao 17, Semana das Letras Galegas. Traballo sobre o estilo musical Pop.		
	10 a 14			
	18 a 21			
	24 a 28			
	31 a 4/6			
Xuño	7 a 11	UD 12, Improvisamos co Jazz 5, Día Mundial do Medio Ambiente. Traballo sobre o estilo musical Jazz.		
	14 a 18	UD 13, Mesturamos coma Djs Fin de curso. Traballo sobre o estilo musical, Electrónico, disco.		
	20 a 22			

3.5

CONMEMORACIÓNS E CELEBRACIÓNS

Considéranse actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polo centro, de acordo co seu proxecto curricular.

SAMAÍN, traballo dunha peza relativa a esta celebración a nivel vocal e teatral para representar en público o propio día.

MAGOSTO, interpretación de pezas populares galegas relativas ao outono, bailes, xogos e trabalínguas en referencia á festa do magosto para realizar ao aire libre o día do magosto.

NADAL, realización dun teatro musical para ser representado o último día do cole en público.

DIA DA PAZ, traballo dunha canción ou Libup relacionada coa paz a tolerancia e respecto de todas as culturas incorporando unha coreografía sinxela para ser executada por todo o colexio.

ENTROIDO, traballamos a música percusiva, batucadas e tamboradas para acompañar o desfile de disfraces, incorporamos unha pequena representación acorde á temática do disfraz a música do desfile.

DIA DO LIBRO, proposta de lectura de libros musicais e contos de temática musical, reparto de libros colgados do teito na aula de música para espertar a curiosidade dos alumnos/as

OS MAIOS, creación e canto de pequenas coplas de maios acompañadas coa guitarra e claves musicais para gravalas o dentro da aula.

LETRAS GALEGAS, traballo na aula do folclore galego como seña de identidade na nosa Comunidade Autónoma, musicalización dalgún texto do autor en cuestión.

FIN DE CURSO, musical de fin de curso, canto e baile para despedir o curso de xeito divertido.

Destacar que todo o traballo que se realiza na aula de música nas seguintes efemérides se coordina cos equipos de biblioteca, encargado da dinamización das actividades e proxectos grupais do centro.

3.6

CONTIDOS INTERCURRICULARES

Un dos obxectivos é interrelacionar a aprendizaxe da música co doutras materias de Primaria.

Tendo en conta o anterior, en cada unidade hai momentos nos que as actividades permiten aos nenos aprender interesantes conceptos doutras áreas do currículo

Matemáticas: medida, duración, ritmo, compás, ...
Linguas: acentos, lecturas, cancións en distintos idiomas, ritmos, ...
Literatura: Poesias, retahilas, recitados, contos, cancións, ...
CC. Sociais: historia da música, doutras culturas, evolución musical e instrumental, ...
CC. da Natureza: materiais sonoros, os sons da natureza, ritmos na natureza, ...
Informática: programas para visionar e escoitar pezas, material para expoñer, material para gravar...

3.7 CONTIDOS DE TRATAMENTO TRANSVERSAL, EDUCACIÓN EN VALORES

Os temas transversais responden a unha necesidade da sociedade e trabállanse como eixes que percorren todas as áreas curriculares. Inciden en aspectos e valores de sensibilización como son:

Comprensión lectora, la expresión oral y escrita. Traballanse os textos das cancións, comentarios das audicións, xerase un ambiente comunicativo e social no traballo de aula que impulsa o diálogo, existe unha biblioteca de aula, o traballo de recollida de noticias, concursos de investigación que se promoven na aula e no blog SOLMUSICARE. Ademais a clase de

música favorece o traballo vocal, flexión da voz, entonación, etc, recursos que son de gran axuda para o correcto desenvolvemento lector e vocal.

Educación para a paz e a tolerancia; Trabállase sobre situacións de conflito e disparidade de opinións, empregándoas para tomar conciencia de que os conflitos non teñen por que ser negativos, senón que dialogando e buscando solucións acádanse conclusións positivas, xustas e beneficiosas. Abórdase na interpretación de cancións e audicións de diversas culturas, cun marco tolerante e respectuoso nos debates, coa resolución pacífica e tranquila das dificultades e discrepancias xeradas, aglutinando este punto á totalidade de Ud. da programación, e directamente no día da Paz.

Educación para a paridade e moral e cívica; Partindo das situacións da convivencia na aula e situacións familiares pretendemos que adquiran as destrezas básicas no desenvolvemento de actitudes de autonomía paritaria e cívicas no ámbito familiar e escolar. Existe un tratamento global en todas as Ud. traballado mediante a asignación de tarefas de clase, no coidado do vocabulario e metodoloxía, elección de exemplos prácticos, no protagonismo tanto de alumnos e alumnas, tratando a paridade na aula, e no día da eliminación da violencia de Xénero. A educación cívica trabállase co coidado do material, aceptación de normas, respecto e tolerancia a compañeiros e materiais de aula.

Educación ambiental; Pretende o achegamento á natureza, coa observación, experimentación e valoración do medio natural para o coidado, respecto, responsabilidade e de busca de solucións aos problemas medioambientais. Trabállase na reciclaxe de materiais para a construción de instrumentos, co día do Consumidor, día do medio ambiente e centro de interese das culturas mundiais, facendo un percorrido polas folclore mundial entre outras actividades que amosan a cultura e folclore das distintas sociedades a analizar. e finalmente co traballo de letras de concienciación sobre o medio ambiente.

Educación para a saúde e Educación sexual; Traballa o benestar físico e mental, desenvolvendo hábitos e costumes sans que valoren a saúde coma un aspecto fundamental da calidade de vida. Traballa a educación sexual, prestando pautas e situacións que axuden a valorar e o propio corpo, coñecendo e respectando as diferenzas e as semellanzas físicas cos demais. Abarca o traballo psicomotor, exercicios de respiración e coidado da voz, relaxación e respiración, relaxación do corpo, desenvolvemento e consolidación da lateralidade, desenvolvemento da axilidade e control corporal, dominio da tonicidade e coordinación mediante a danza e o movemento, etc. traballándoo na totalidade das Ud. da Pd., e propiamente no día da Saúde.

Educación vial; Tráballase un coñecemento das normas básicas de educación vial referidas principalmente a peóns para que adquiran hábitos de comportamento prudente que lles permitan desenvolverse con autonomía. Abórdase co traballo de desprazamentos e marchas en audicións sen tocarse e co recoñecemento acústico dos sons da vida cotiá.

Educación para o consumidor; Desenvólvese a capacidade crítica para asumir responsabilidades como consumidores para responsables, á vez que aprender a defenderse de certas campañas publicitarias, analizando as diferenzas entre a ficción dos produtos presentados nos medios de comunicación e a realidade destes. Tráballanse audicións de estilos variados e descoñecidos, elaboración de instrumentos con materiais reciclados, análise da música nos medios de comunicación e cine e o día do Consumidor.

Educación para o ocio e o tempo de lecer; Amósanse diferentes formas de entretemento como xogos tradicionais, as novas tecnoloxías e a súa función de ocio, aportase cantigas e xogos de patio, adiviñas, etc, supón unha alternativa ao ocio máis comercial. Abórdase con exercicios con eminente carácter lúdico creando un ambiente alegre e participativo que motive ao alumnado con actividades maioritariamente prácticas de interpretación e creación musical, xogos musicais de mesa e informáticos e Internet, aprendizaxe de xogos e cantigas de patio. Tráballase na totalidade das Unidades.

Emprendemento. Pretendese xerar un espírito de confianza autonomía e creatividade no alumnado, deixando maior autonomía na creatividade propia, traballar en equipo e organizarse para un mellor aproveitamento e reflexionar sobre a súa repercusión positiva na mellora da autoestima e autoconcepto, sempre dende un sentido crítico co seu propio traballo e o dos compañeiros.

En educación musical tráballase lonxitudinalmente dende a improvisación, a expresión e escenificación, o traballo por recunchos e o liderazgo e reparto de responsabilidades nas tarefas encomendadas nas sesións.

Comunicación audiovisual e Tecnoloxías da información e comunicación. O tratamento das TIC realízase nunha serie de actividades de consecución das destrezas necesarias que permitan ao alumnado valerse por si mesmo na utilización de programas multimedia, a Internet e a autoaprendizaxe e o ocio por medio das TIC. As actividades específicas están recollidas nos anexos de cada Ud. concreta. E a modo xeral recollense na utilización do proxector e ordenador de aula, o recuncho das tics, cos dous ordenadores e tablet, o pequeno estudio de gravación que se crea na aula para a gravación de audio e vídeo en algunhas sesións, a utilización da aula de

informática e calquera actividade na que se empreguen sistemas de tecnoloxía na reprodución, proxección ou visualización de contidos musicais.

Educación constitucional e cívica. Este tema implica o traballo e comprensión dunha sociedade constitucional , basada nuns dereitos e deberes que nos levan a una convivencia harmoniosa e pacífica. A educación cívica trabállase co coidado do material, aceptación de normas, respecto e tolerancia a compañeiros e materiais de aula traballada globalmente na totalidade das sesións de música. Reflexando tamén de xeito claro e conciso os dereitos e deberes do alumnado e o profesorado, fomentando una convivencia máis agradable e pacífica inspirada no diálogo.

VALORES E ACTITUDES

- Valores sociais, cívicos e solidarios: a pertenza ao grupo clase, a responsabilidade colectiva, o traballo ben feito, a cidadanía, o respecto polo común, a solidariedade, o interese polos demais, a ecoloxía...
- Desenvolvemento persoal: a responsabilidade, orde, disciplina, autenticidade, autoestima, superación, sinceridade,...
- As relacións persoais: comunicación, afectividade, respecto persoal, agradecemento, paz, harmonía, perdón, dignidade persoal, os trazos de identidade, coidado do corpo...

4.

AVALIACIÓN

4.1

TÁBOA DA EVOLUCIÓN DOS ESTÁNDARES POR CURSO

BLOQUE 1: ESCOITA					
1º-EMB1.1.1-Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	2º-EMB1.1.1-Manipula e coñece algunhas calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.				
1º-EMB1.1.2-Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	2º-EMB1.1.2-Representa graficamente e corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	3º-EMB1.4.3-Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, a música escoitada.	4º-EMB1.5.3-Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, a música escoitada.	5º-EMB1.6.3-Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	
1º-EMB1.1.3-Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	2º-EMB1.1.3-Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	3º-EMB1.2.1-Describe e dá información sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	4º-EMB1.2.1-Describe e dá información sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	5º-EMB1.2.1-Describe e dá información salientable sobre acento, pulso e calidades do son presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	6º-EMB1.1.1-Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.
		3º-EMB1.1.4-Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	4º-EMB1.1.4-Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.	5º-EMB1.7.1-Identifica e difunde manifestacións artísticas propias de Galicia.	
1º-EMB1.1.5-Identifica voces masculinas e femininas.	2º-EMB1.1.5-Identifica voces masculinas, femininas e infantís.	3º-EMB1.3.1-Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	4º-EMB1.3.1-Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	5º-EMB1.3.1-Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	6º-EMB1.2.1-Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, nas audicións musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.
	2º-EMB1.6.1-Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.		4º-EMB1.4.1-Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. 4º-EMB1.4.2-Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.	5º-EMB1.5.1-Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. 5º-EMB1.5.2-Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos)	6º-EMB2.2.1-Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. 6º-EMB2.1.1-Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas.
		3º-EMB1.3.2-Identifica variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	4º-EMB1.3.2-Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita das audicións.	5º-EMB1.3.2-Identifica variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	
1º-EMB1.2.1-Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións	2º-EMB1.2.1-Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.				

1º-EMB1.2.2-Respecta as opinións dos seus compañeiros/as, así como do profesorado.				5º-EMB1.1.3-Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. 5º-EMB1.4.2-Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.	
1º-EMB1.3.1-Coñece algunhas persoas compositoras e obras famosas.	2º-EMB1.3.1-Coñece algunhas persoas compositoras e relacións coas súas obras.				6º-EMB1.2.2-Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.
			4º-EMB1.4.3-Procúra e presenta información sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	5º-EMB1.4.1-Procúra e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico. 5º-EMB1.5.3-Procúra, organiza e presenta información musical.	6º-EMB2.3.1-Procúra información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre cultura musical.
				5º-EMB1.4.3-Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes. 5º-EMB1.7.2-Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado. 5º-EMB3.3.3-Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.	6º-EMB2.3.2-Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.
1º-EMB1.3.2-Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.	2º-EMB1.3.2-Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.				
	2º-EMB1.4.3-Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.	3º-EMB1.1.3-Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	4º-EMB1.1.3-Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	5º-EMB1.1.4-Coñece, entende e aplica as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	6º-EMB1.3.1-Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
1º-EMB1.4.1-Representa mediante diferentes técnicas os sentimentos que suscitou unha audición musical.	2º-EMB1.4.1-Representa mediante diferentes técnicas os contidos musicais traballados e os sentimentos que suscitou.	3º-EMB1.1.2- Manifesta sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca as audicións musicais.	4º-EMB1.1.2-Manifesta sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca as audicións musicais.	5º-EMB1.1.2-Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	
1º-EMB1.4.2-Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	2º-EMB1.4.2-Emprega vocabulario musical adaptado ao seu nivel.	3º-EMB1.1.1-Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	4º-EMB1.1.1-Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical con seguridade.	5º-EMB1.1.1-Expresa e xustifica as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	
1º-EMB1.5.1-Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama, clave de sol, branca e negra.	2º-EMB1.5.1-Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama, clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.			5º-EMB1.3.4-Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	

		3º-EMB1.4.1-Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma.	4º-EMB1.5.1-Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou partitura sinxela.	5º-EMB1.6.1-Transcribe unha audición á linguaxe musical convencional ou non convencional.	
1º-EMB1.5.2-Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	2º-EMB1.5.2-Utiliza notación convencional e non convencional para representar elementos do son.	3º-EMB2.1.2-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	3º-EMB2.1.2-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	3º-EMB2.1.2-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	3º-EMB2.1.2-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos dados e escoitados.
1º-EMB1.1.4-Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva. 1º-EMB1.5.3-Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	2º-EMB1.1.4-Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas. 2º-EMB1.5.3-Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.		4º-EMB1.5.4-Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.		
		3º-EMB1.4.2-Identifica as partes dunha peza musical sinxela.	4º-EMB1.5.2-Identifica as partes dunha peza musical.	5º-EMB1.6.2-Identifica as partes dunha peza musical, e representa graficamente a súa estrutura.	
			4º-EMB1.3.3-Identifica e completa os compases traballados.	5º-EMB1.3.3-Identifica e completa correctamente os compases traballados.	
					6º-EMB1.3.2-Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.
BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL					
1º-EMB2.2.1-Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	2º-EMB2.3.1-Interpreta individualmente e en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	3º-EMB2.1.3-Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	4º-EMB2.1.3-Interpreta pezas vocais e instrumentais con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	5º-EMB2.1.3-Interpreta pezas vocais e instrumentais con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	6º-EMB2.2.4-Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento
1º-EMB2.1.1-Repite esquemas rítmicos escoitados.	2º-EMB2.1.1-Repite esquemas rítmicos escoitados.				
1º-EMB2.1.2-Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	2º-EMB2.1.2-Crea instrumentos con materiais de reciclaxe.	3º-EMB2.3.2-Constrúe algún instrumento.	4º-EMB2.3.2-Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	5º-EMB2.3.2-Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	
	2º-EMB2.2.1-Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula.				6º-EMB2.2.5-Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.
1º-EMB2.2.2-Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada en pentafonía.	2º-EMB2.3.2-Improvisa melódicamente sobre unha base dada.				

1º-EMB2.2.3-Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	2º-EMB2.3.3-Fai de xeito consciente o proceso da respiración.				
1º-EMB2.2.4-Le e interpreta ladaíñas e cancións ao unísono.	2º-EMB2.3.4-Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.				
1º-EMB2.3.1-Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	2º-EMB2.4.1-Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.			5º-EMB2.2.4-Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.	
1º-EMB2.3.2-Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	2º-EMB2.4.2-Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos				
1º-EMB2.3.3-Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	2º-EMB2.4.3-Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.	3º-EMB2.2.1-Crea unha peza musical sinxela.	4º-EMB2.2.1-Crea unha peza musical sinxela a partir da selección dos contidos traballados.	5º-EMB2.2.2-Crea unha peza musical a partir dun motivo ou premisa traballando a linguaxe musical manexada. 5º-EMB2.2.1-Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais unha obra musical, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.	
1º-EMB2.3.4-Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.	2º-EMB2.4.4-Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	3º-EMB2.1.1-Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada na interpretación de obras.	4º-EMB2.1.1-Coñece e utiliza a linguaxe musical na interpretación de obras.	5º-EMB2.1.1-Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.	6º-EMB2.2.2-Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
1º-EMB2.3.5-Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.	2º-EMB2.4.5-Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	3º-EMB2.3.1-Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	4º-EMB2.3.1-Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas e sonorizar imaxes e representacións dramáticas.	5º-EMB2.3.1-Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos e melodías.	6º-EMB2.3.3-Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
		3º-EMB2.1.4-Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar	4º-EMB2.1.4-Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.	5º-EMB2.1.4-Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar 5º-EMB3.3.4-Amosa interese por mellorar o produto final reflexionando sobre o resultado.	6º-EMB2.7-Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. 6º-EMB3.1.6-Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.

BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVIMENTO E A DANZA					
1º-EMB3.1.1-Realiza pequenas coreografías en grupo.	2º-EMB3.1.1-Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	3º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria.	4º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria e ternaria.	5º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. 5º-EMB3.3.1-Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.	6º-EMB3.1.5-Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.
1º-EMB3.2.1-Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	2º-EMB3.2.1-Responde co seu corpo a estímulos sonoros.				
			4º-EMB3.2.2-Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas.	5º-EMB3.2.2-Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	6º-EMB3.1.3-Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.
1º-EMB3.2.2-Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	2º-EMB3.2.2-Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	3º-EMB3.2.1-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	4º-EMB3.2.1-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	5º-EMB3.2.1-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	6º-EMB3.1.2-Controla a postura e a coordinación coa música e compañeiros cando interpreta danzas.
1º-EMB3.1.2-Interactúa na aula amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	2º-EMB3.1.2-Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	3º-EMB2.2.2-Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	4º-EMB2.2.2-Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	5º-EMB2.2.3-Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. 5º-EMB3.3.2-Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.	6º-EMB2.2.6-Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. 6º-EMB3.1.7-Respecta e participa de xeito pracenteiro nas actividades grupais, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. 6º-EMB3.1.8-Amosa respecto e colaboración cos compañeiros/as.
1º-EMB3.2.3-Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	2º-EMB3.2.3-Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	3º-EMB3.1.1-Identifica e utiliza o corpo como instrumento expresivo e como forma de interacción social.	4º-EMB3.1.1-Identifica e utiliza o corpo como instrumento expresivo e como forma de interacción social.	5º-EMB3.1.1-Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	6º-EMB3.1.1-Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
		3º-EMB3.2.2-Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	4º-EMB3.2.3-Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	5º-EMB3.2.3-Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	6º-EMB3.1.4-Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e difusión.

4.2 TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO							
NIVEL	3º PRIMARIA		ÁREA			Educación Musical (EM)	
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Trimestre	Trimestre	Trimestre	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
			1	2	3	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Estándares Competenciais 30%							
EM-B1.1	3º-EMB1.1.3 - Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC
EM-B2.1	3º-EMB2.1.4 - Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar	Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CAA
EM-B2.2	3º-EMB2.2.2 - Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.	CSC
Estándares interpretación instrumental e vocal 20%							
EM-B2.1	3º-EMB2.1.3 - Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con ou sen acompañamento.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións musicais. Producións orais. Rúbrica.	CCEC CSC

EM-B2.3	3º-EMB2.3.1 - Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións musicais. Gravación e análise.</p>	CAA CD CCEC
EM-B2.3	3º-EMB2.3.2 - Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	Constrúe algún instrumento musical.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións. Producións plásticas.</p>	CCECCA A
Estándares audición 20%							
EM-B1.1	3º-EMB1.1.1 - Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Escala de observación.</p>	CCL CCEC
EM-B1.1	3º-EMB1.1.2 - Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	Manifesta as sensacións, impresións e sentimentos que lle provocan as audicións musicais.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común. Producións motrices.</p>	CCL CCEC
EM-B1.1	3º-EMB1.1.4 - Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Posta en común. Lista de control/cotexo.</p>	CAA CCEC
EM-B1.2	3º-EMB1.2.1 - Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	Describe e dá información salientable sobre as calidades do son presentes nas manifestacións musicais e sons do contexto.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Asamblea. Escala de observación.</p>	CCEC CMCT

EM-B1.3	3º-EMB1.3.1 - Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.</p>	CCEC CAA
EM-B1.3	3º-EMB1.3.2 - Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	Identifica variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CCEC CAA
Estándares danza e o corpo 20%							
EM-B3.1	3º-EMB3.1.1 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	Identifica e utiliza o corpo como instrumento expresivo e como forma de interacción social.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Producións musicais. Xogos de simulación e dramáticos. Lista de control/cotexo.</p>	CCECCA A
EM-B3.1	3º-EMB3.1.2 - Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma binaria.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Escala de observación.</p>	CCEC CAA CMCT
EM-B3.2	3º-EMB3.2.1 - Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	Controla a postura e a coordinación nas danzas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Escala de observación.</p>	CCEC CSC
EM-B3.2	3º-EMB3.2.2 - Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Rúbrica.</p>	CCEC CSC
Estándares linguaxe e cultura musical 10%							
EM-B1.4	3º-EMB1.4.1 - Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións plásticas.</p>	CCEC CAA

EM-B1.4	3º-EMB1.4.2 - Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.	Identifica as partes dunha peza musical sinxela.	X		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións motrices. Lista de control/cotexo.</p>	CCEC CAA
EM-B1.4	3º-EMB1.4.3 - Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, a música escoitada.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións plásticas.</p>	CCEC CAA CCL
EM-B2.1	3º-EMB2.1.1 - Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións musicais. Lista de control/cotexo.</p>	CCEC CAA
EM-B2.1	3º-EMB2.1.2 - Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCEC CAA CMCT
EM-B2.2	3º-EMB2.2.1 - Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.	Crea unha peza musical sinxela.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións musicais. Caderno de clase. Resolución de exercicios e problemas.</p>	CAA CCEC CSIEE

4.3**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

Os criterios para a cualificación na área serán o resultado da agrupación do total de estándares de aprendizaxe nos seguintes tipos:

Tipo de estándares de aprendizaxe	Porcentaxe de cualificación
Estándares competenciais	30%
Estándares que traballan a interpretación instrumental e vocal	20%
Estándares que traballan a escoita e audición	20%
Estándares que traballan o corpo e a danza	20%
Estándares que traballan a cultura e linguaxe musical	10%

Valorase o traballo diario, actitude, interese, esforzo, participación individual e grupal, limpeza nos traballos realizados e adquisición dos estándares de avaliación, así como a “limpeza” na técnica á hora da execución instrumental e a danza, o alumnado deberá superar un 75% dos estándares para poder acadar unha avaliación positiva, que será a media ponderada das porcentaxes nesta táboa.

4.4**MÍNIMOS ESIXIBLES****Terceiro**

- Interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos.
- Coñece as posibilidades sonoras e musicais da voz.
- Manifestar as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza.
- Participa nas audicións activas.
- Identifica, clasifica e describe, utilizando un vocabulario preciso, as calidades dos sons.
- Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de dinámica nas audicións.
- Coñece exemplos de obras variadas da nosa cultura e valorar o patrimonio histórico musical.
- Coloca as notas no pentagrama.
- Clasifica instrumentos por familias.
- Traduce á linguaxe musical convencional ritmos sinxelos

- Aplica a linguaxe musical á interpretación vocal e instrumental.
- Domina a articulación e a dixitación na frauta, e interpreta pequenas obras.
- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

4.5**TIPOS DE AVALIACIÓN APLICADOS****AVALIACIÓN INICIAL**

Realízase unha comprobación inicial para partir dos coñecementos do alumnado e favorecer a aprendizaxe significativa do alumnado, realízanse unha serie de exercicios para obter a información do alumnado acerca dos distintos campos de traballo que se detallan a continuación.

- ❖ **Oído**, Paisaxes sonoras e audición música medieval.
- ❖ **Movemento e danza**, Marchas de desfile.
- ❖ **Linguaxe musical**, Partitura medieval.
- ❖ **Formación instrumental**, Ronda de ritmos e Escala en frauta.
- ❖ **Voz**, Canto Gregoriano.
- ❖ **Música, cultura e sociedade**, tribial de preguntas variadas.

AVALIACIÓN SUMATIVA E INFORMATIVA

Esta avaliación segue o deseño exposto na táboa de avaliación onde se enumera os distintos instrumentos de avaliación, que pretenden a obtención de datos e información para a avaliación do alumnado e orientación do proceso de ensinanza, mesturando diversos mecanismos e instrumentos de avaliación que aportan variedade e transparencia ao proceso de avaliación.

Está orientada de cara a avaliación competencial e favorecerá a autoavaliación do alumnado, a fin de que o propio alumnado sexa consciente dos acertos e erros froito do seu traballo.

AVALIACIÓN DOCENTE

A avaliación docente pretende a constante revisión da programación e práctica docente, buscando a eficiencia educativa e solución de dificultades de xeito rápido e eficaz. Os puntos a tratar foron ideados a raíz da Orde de avaliación do 20 de Abril de 2016 no seu artigo 8,

- ❖ Cumprimento das actividades.
- ❖ Adecuación das actividades e dificultades didácticas atopadas.
- ❖ Eficiencia das medidas de atención á diversidade.
- ❖ Clima de traballo na aula.
- ❖ Recursos materiais empregados.
- ❖ Coordinación coa comunidade educativa.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Será de aplicación o indicado no capítulo II do título I da Lei 2/2006, do 3 de maio, nos artigos 71 a 79 bis, ao alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

5.1 PROGRAMAS DE REFORZO E AMPLIACIÓN

Nesta etapa porase especial énfase na **atención á diversidade** do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de **diagnósticos precoces** e ao establecemento de **mecanismos de reforzo** para lograr o éxito escolar.

A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado. O profesor titor coordinará a **intervención educativa** do conxunto do profesorado do alumnado ao que titoriza de acordo co que estableza a Administración educativa correspondente, e manterá unha relación permanente coa familia, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.

A intervención educativa debe contemplar como principio a **diversidade do alumnado**, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Os **mecanismos de reforzo** que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Debido ao carácter integrador da asignatura estas medidas versan sempre na adaptación das actividades ás variables e diversas dificultades coas que nos poidamos atopar no transcurso da clase, así como a permisibilidade de distintos ritmos de traballo e niveis de dificultade.

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

A metodoloxía desta programación parte da descripción evolutiva presente na introdución que nos ofrece unha visión do noso alumnado en canto ao estadio madurativo, nivel de expresión e

comunicación, habilidades psicomotoras, estruturación temporal, espacial, etc, algo esencial para aplicar os principios metodolóxicos fundamentais en relación a centros de interese que articulan e configuran os contidos e obxectivos de cada Ud., favorecendo a interdisciplinabilidade, globalización e motivación do alumnado. Estes centros de interese veñen determinados polo calendario escolar, os días mundiais ou internacionais como o da poesía, biblioteca, do planeta, etc. e tamén as efemérides propias da nosa comunidade relacionadas máis abaixo.

O fío conductor da programación reside no seu título, “Un Cole de Cine”, que introduce o cine como elemento transversal á programación onde analizaremos a presenza da música neste sétimo arte con audicións, partituras de BSO e cancións.

Dentro desta programación tamén se trata con especial atención o papel activo da sociedade na educación, incluíndo ao alumno, profesor, familia, escola e outros entes sociais e culturais que cooperen nunha aprendizaxe global e interdisciplinar que saiba destacar as fortalezas e necesidades do entorno, orientando e completando a labor docente e traballo musical que recolle esta programación.

Esta programación pretende, mediante o traballo musical desenvolver a creatividade, hábitos saudables de control corporal, axudar á comprensión lectora, expresión oral e escrita durante o traballo de cancións, a comunicación audiovisual e Tics, desenvolver o emprendemento e autoestima e traballar a educación cívica e constitucional do alumnado.

Principios metodolóxicos

Seguindo as indicacións da Orde **ECD 65/2015** e LOMCE, *8/2013 no seu artigo único apartado sete*, expón que a finalidade da educación primaria é a facilitación ao alumnado das aprendizaxes na expresión e comprensión oral, a lectura a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas en cultura e o **hábito de convivencia**, así como o estudo e traballo, o **sentido artístico, creatividade e a afectividade**, garantizando unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade, co cal a metodoloxía educativa basearase nos principios de **globalización, integración, significatividade, funcionalidade e interdisciplinabilidade**, buscando que os contidos sexan o máis relevantes e interesantes posible para traballar e adquirir as Competencias Clave, Obxectivos didácticos e consecuentemente os obxectivos de etapa, **cun tratamento en espiral** dos contidos.

Ademais destes principios marcados no decreto traballamos os seguintes:

Actividade: entendendo este principio como a vivenciación e manipulación dos conceptos traballados desenvolvendo unha aprendizaxe integral, a nivel corporal, intelectual, social, interpretativo, etc. de todas as actividades presentadas. Implicación e participación activa.

Unidade de teoría e práctica: todo concepto traballado ten aplicación práctica, e antecede ese carácter práctico ao traballo cognitivo na maioría dos casos.

Creatividade: innovar, experimentar, improvisar e crear no campo musical.

Socialización: desenvolvemento social satisfactorio e integración, trátase de crear alumnos dinámicos, tolerantes e respectuosos mediante as tarefas en grupo, parellas, etc.

Carácter lúdico: preséntase o xogo como recurso didáctico, apórtase carácter lúdico ás actividades que lle confiren maior interese, motivación e diversión na súa realización.

Resolución de problemas: desenvolvee fomenta e interacción para que o neno/a resolva con autosuficiencia e seguridade os conflitos e dificultades nas actividades.

Modelo didáctico

O modelo didáctico traballa con grupos, parellas, ensino recíproco, talleres prácticos (danza, canto, linguaxe...), rutinas e recunchos incidindo no traballo cognitivo e práctico.

Tamén se impulsa a participación dos pais mediante traballos de investigación como a creación dun cancionero, traballo do taboleiro de novas musicais e coa comunicación permanente na aula virtual, blog **SOLMUSICARE** da aula de música e caderno de investigacións.

A metodoloxía creará contextos múltiples de traballo que permitan explorar, experimentar e descubrir novos conceptos e ideas musicais, impulsando a capacidade de aprender a aprender con actividades, en moitos casos, libres e voluntarias en recunchos e improvisacións espontáneas e dirixidas.

As actividades terán en conta o traballo da diversidade variando a dificultade e ritmos de aprendizaxe das tarefas, o grado de abstracción que necesitan, a súa adaptación ás finalidades pretendidas buscando captar a motivación, participación e interese do alumno/a.

MODELO DIDÁCTICO

O modelo didáctico traballa con grupos, parellas, ensino recíproco, talleres prácticos (danza, canto, linguaxe...), rutinas e recunchos incidindo no traballo cognitivo e práctico.

Tamén se impulsa a participación dos pais mediante traballos de investigación como a creación dun cancionero, traballo do taboleiro de novas musicais e coa comunicación permanente na aula virtual e blog da aula de música.

As actividades terán en conta o traballo da diversidade variando a dificultade e ritmos de aprendizaxe das tarefas, o grao de abstracción que necesitan, a súa adaptación ás finalidades pretendidas buscando captar a motivación, participación e interese do alumno.

Así temos os seguintes campos de traballo

Percepción auditiva, OÍDO

Todo proceso musical traballa a percepción dos parámetros do son e silencio como actividade fundamental previa e posterior á audición, os musicogramas (Wuytack) e partituras reais adaptadas, motivase as audicións con explicacións, contos, imaxes, vídeos, dramatización, danzas, debuxo, poesía, karaokes musicais, empregado como apoio gráfico ao escoitado (Willems), escoitar sons propios da contorno e traballo con obxectos sonoros, explorando as súas posibilidades sonoras (Willems). As audicións non serán moi extensas para manter a atención dos discentes e débense empregar obras do folclore propio, Kodaly e do resto do mundo, para ir traballando elementos musicais de dinámica, timbres, rítmica, etc. de xeito, obras de todos os estilos musicais, achegando diversas culturas a dentro da aula.

As audicións e actividades de aula irán acompañadas dun musicograma e a súa correspondente partitura coa finalidade de que teñan un soporte gráfico polo cal guiarse e así ir familiarizándose coas grafías formais e informais da linguaxe musical.

O profesor atenderá as distintas demandas do alumnado co cal as audicións programadas poderán variar a medida que avanza o curso, dependendo das propostas e intereses do alumnado e o centro.

As audicións están preparadas ao inicio da clase, para favorecer un bo aproveitamento da sesión, o cal introduce rápidamente ao alumnado na actividade e favorece a motivación por descubrimento.

Expresión vocal e canto, VOZ

Centrada na canción como base do coñecemento de musical, o proceso de ensino prodúcese por imitación, recoñecemento de intervalos, con consignas que eliminen a monotonía (imitando acentos, óperas...), e coa lectoescritura.

Canto con naturalidade, sen forzar a voz na tesitura axeitada, co pulso e métrica correcta, xogos de palabras, coros rítmicos falados, recitados e dramatizacións, importancia da técnica vocal con exercicios específicos de afinación progresiva, relaxación respiración, bloqueo, dicción e control vocal. Imitación en eco, canto con acompañamento rítmico, melódico ou harmónico, audición interior que favoreza a memoria auditiva (Willems), improvisación, realización de acompañamentos sinxelos, cancións con xestos e de substitución (Wuytack), a altura relativa e fononimia de (Kodaly e Ward).

Expresión instrumental, INSTRUMENTOS

A práctica instrumental xera gran atracción no alumnado e emprégase durante a práctica, manipulación experimentación cos instrumentos musicais e colección de obxectos sonoros presentes na aula. Aplícanse os traballos en instrumental Orff a nivel rítmico e melódico, a percusión corporal e a linguaxe musical a nivel práctico e de lectura-escritura. Este traballo favorece a práctica amena, intercalando a linguaxe convencional e non convencional, sílabas

preconcebidas (Kodaly), sílabas non preconcebidas (Orff), cancións de intervalos (Orff, Wytak). A improvisación en pentafonía e fórmulas forma parte primordial do traballo instrumental, (Willems).

Outros autores coñecidos que se aplican no traballo musical son Suzuki, traballando aspectos relacionados con audicións musicais e a implicación dos pais no proceso de ensinanza, de Schaffer a idea de que para ser músico non fai falla necesariamente saber música senón practicar e experimentar con ela, e tamén a incorporación das TICs na educación, a importancia do silencio e utilización de diagramas, de Paynter asimilo a idea de traballar todos os estilos musicais, e Martenot a memorización musical.

Tamén desfrutarán da visualización na aula de diversos instrumentos para ver a súa forma, sonoridade, materiais, etc.

Graffias musicais, LINGUAXE MUSICAL

Tratarase de introducir ao alumnado na lectoescritura formal e informal da linguaxe musical, entender os símbolos e a súa función para rexistrar a música como unha linguaxe totalmente particular.

Para esta tarefa cada unidade ten un apartado de traballo escrito, debuxo, colorear, e sobre todo visualización do musicograma e partitura da canción e audición principal de cada unidade, achegando así dende os primeiros cursos a graffia musical de xeito formal e informal como sistema de representación e seguimento de obras e audicións.

Expresión corporal e danza, O CORPO

O ensino musical procura que o discente utilice o seu corpo no desenvolvemento das capacidades musicais. Traballase a pulsación, cualidades do son, danza, ritmos, etc. apoiados en representacións corporais e movemento. O Movemento para interiorizar fórmulas rítmicas (Dalcroze), expresión corporal libre e dirixida sobre audicións, utilización de fichas rítmicas traballadas na actividade musical, marchas (Dalcroze), movemento libre, coordinacións estruturadas, pasos preconcebidos, danzas folclóricas e do mundo e a dramatización e expresividade en cancións mimadas.

A traves do corpo iniciaranse nas actividades de comunicación global e coordinada con todos os compañeiros da clase. As posturas corporais, hixiene corporal, corrección na execución de movementos, lateralidade, desprazamentos, direccionalidade, xesto e mímica, ritmo e dinámica, etc. Serán os campos a traballar en este apartado, que busca a consolidación do esquema corporal e vivenciación dos contidos musicais, facer práctica a música.

O corpo será o primeiro e mellor instrumento co que iniciarse na formación instrumental, aportando control corporal da tonicidade, relaxación muscular, disociación e mellora do esquema corporal e lateralidade, o que redunda nunha mellora no traballo instrumental que precisa de manipulación de materiais musicais. A percusión corporal, a vivenciación do pulso coas marchas

durante as audicións, a rítmica asociada á danza e movemento e a mímica nas representacións e escenificacións de pequenas obras tamén son factores claves traballados nesta programación que inciden no traballo corporal.

Música, cultura e sociedade

Dende o traballo usical achegaremos ao noso alumnado unha ampla aprendizaxe sobre a cultura e folclore propio, tradicións, música, lendas, cantigas, festexos, folclore, etc. e tamén de outros países e culturas, o cal incidirán nun coñecemento máis variado e amplo da cultura mundia, traballando un sistema de valores universal.

Tamén se fará fincapé co traballo do noticieiro dos eventos musicais e culturais presentes no contorno, animando ao alumnado a que poida presenciarlos e comentalos na clase como fonte de enriquecemento colectivo.

A programación fará unha visión histórica dos contidos musicais, o cal transportará ao alumnado a outras épocas con danzas, audicións de distintos estilos e épocas na historia analizando tamén as realidades sociais para comparalas coa nosa.

O xogo

O xogo xunto coa canción son os mellores recursos para traballar a música, sobre todo en este curso con alumnado de seis e sete anos, posto que durante toda a etapa de infantil era o seu principal método de aprendizaxe, fundamental na concreción da personalidade, socialización e como técnica de estudo e motivación. O xogo favorece a motivación no traballo, a competitividade encauzada e guiada de cara á mellora persoal e non para deixar en evidencia aos compañeiros, co cal a docencia impulsa actividades de xogos con material específico de traballo da linguaxe musical mediante xogos onde paralelamente se realiza unha actividade cognitiva implícita que os alumnos e alumnas realizan inconscientemente con gran emoción e entusiasmo. Xogos coma os trens rítmicos, o pentagrama magnético, xogos en entornos dixitais e o taller de instrumentos son claros exemplos da presenza do xogo nas Unidades Didácticas, e tamén especialmente o traballo por recunchos, onde o alumno escolle e se fai responsable da súa actividade durante o tempo que se destine a esta actividade cada día.

Creatividade e improvisación

A creatividade e improvisación favorecen que se explore de xeito máis rico e variado o campo musical. Non obstante, débese favorecer a seguridade, motivación e expresividade para educar en este sentido ao alumnado. A improvisación éríxese como recurso fundamental en todos os campos de traballo musical, a danza, instrumentos, voz, dramatización e creación musical, estimulando o talento e creatividade de cada alumno/a.

O clima de traballo debe ser distendido e motivador para que o alumnado poida explorar todo o seu potencial de xeito espontáneo e libre sen forzar as actividades na medida do posible para que así se fomente a autoestima e gusto musical propio, configurando un autoconcepto positivo en base ao traballo musical.

As TICs

O tratamento das TIC realízanse nunha serie de actividades de consecución das destrezas necesarias que permitan ao alumnado valerse por si mesmo na utilización de programas multimedia, a Internet e a autoaprendizaxe e o ocio por medio das TIC. A utilización do proxector e ordenador de aula cotiámente, o recuncho das tics, cos dous ordenadores e tablet, o pequeno estudio de gravación que se crea na aula para a gravación de audio e vídeo en algunhas sesións, a utilización da aula de informática e calquera actividade na que se empreguen sistemas de tecnoloxía na reprodución, proxección ou visualización de contidos musicais.

O plurilingüismo

Resalta a importancia do coñecemento de novas linguas para desenvolver destrezas e capacidades que enriquecen a comunicación lingüística e a interculturalidade, despertando a curiosidade e interese por novas linguas, e anima a que durante a programación de música se poida traballar interdisciplinarmente algunha unidade coa asignatura de inglés, co cal durante o desenvolvemento da programación inclúense diferentes unidades didácticas que traballan tanto a lingua galega, como é propia do noso folclore e coñecemento do entorno, pero iranse incorporando tamén cancións e xogos en lingua castelá, inglesa e tamén distintas linguas de outras culturas e dialectos de países incidindo na pronunciación e dicción dos mesmos, traballando así unha aprendizaxe máis global e enriquecida.

PERFIL COMPETENCIAL DOCENTE

En canto ao profesor debe ser innovador e dinamizador, capaz de captar a atención do alumnado despertando a súa curiosidade e motivación para xerar un ambiente de comunicación e reflexión conxunta. É un profesor seguro e con amplo coñecemento musical e didáctico, modelo e referente do alumnado, bo comunicador e próximo cos discentes, avogando por un bo ambiente de aula con estratexias e actividades variadas.

Debe desenvolverse con soltura nos entornos dixitais, fomentando o uso das novas tecnoloxías da educación tan presentes na actualidade e como nos indica o DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia debe dominar o Inglés para introduci-lo como traballo de reforzo interdisciplinarmente e global en algunha unidade mediante o

traballo de cancións, audicións e con pequenas frases que axuden a acadar a competencia lingüística en unha lingua estranxeira..

ORGANIZACIÓN ESPACIAL

A organización espacial da aula realízase en zonas que permitan agrupamentos diversificados e o traballo cooperativo, zona de traballo teórico, encerado, etc., zona de instrumental onde todo o instrumental estará visible e en disposición de ser utilizado, zona de vídeo e pantalla e ampla zona de danza e movemento. Toda a clase estará decorada con láminas, apoio visual para o alumnado; e procúrase manter a aula limpa e ordeada para facilitar o acceso e utilización dos materiais e espazos, gañando en tempo e comodidade.

Os alumnos serán os encargados de manter a aula ordeada e traballar nos recunchos c o material existente de xeito coidadoso, fomentando a autonomía durante o seu traballo.

ESTRUCTURACIÓN TEMPORAL

A estruturación temporal das unidades didácticas abrangue tres sesións, excepcionalmente catro, que se poden ampliar ou reducir en función da evolución do alumnado na adquisición dos conceptos, destrezas e competencias deseñadas en cada unha, dos pequenos ou grandes proxectos que poidan surxir nos diferentes equipos de centro ou atendendo ao interese e motivación do alumnado. Ademais hai que ter en conta os festivos, días non lectivos, excursións, conmemoracións, festivais, etc., que poden determinar que unha unidade mova de semana ou se alargue ou acurte en función das necesidades da docencia e o propio centro.

Cada sesión ten unha duración de cincuenta minutos. A secuenciación das sesións segue un mesmo patrón, comezan por actividades de introdución á materia, normalmente audicións e visualizacións e explicación das actividades a realizar na sesión, seguidas de actividades de desenvolvemento teórico e prácticos dos novos contidos, podendo introducir actividades de reforzo e ampliación. Finalízase con actividades de síntese e relaxación con audicións, visualizacións, comentarios do traballo ou elección persoal de recunchos e talleres.

A programación conta con 15 Unidades Didácticas, das cales dúas están configuradas como proxectos lonxitudinais, “Un Cole de Cine” de duración anual e “De viaxe polo mundo” duración trimestral, as demais constan de tres ou catro sesións.

7.

RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

7.1

RECURSOS DIDÁCTICOS

1. Programación e listado das Ud. deseñadas.
2. Banco de partituras e audicións. Cancioneiros de aula.
3. Libro en branco.
4. Libros de música varios a modo biblioteca musical de aula ou consulta do profesor.
5. Ordenadores de mesa e tablet para o traballo das TICs
6. Material escolar básico (bolígrafos, lápices, lápices de cores, tesoiras, caderno de música, caderno normal, folios, etc.). Fichas das actividades que requiran a utilización deste recurso.
7. Encerado pautado e pizarra.
8. Equipo de música con lector de cd e mp3.
9. Video cámara para o portátil.
10. Ordenador portátil cos programas instalados (Finale, Power Point, Acid Dj, Mesa de Mezclas, Winamp, Windows Media Player, etc.) e conexión a Internet.
11. Canón de proxección.
12. Teclado ou clavinova.
13. Instrumental Orff, percusión de altura determinada e indeterminada.
14. Frautas.
15. Instrumental tradicional, culleres, botella de anís, cunchas, lata de pimentón, etc.
16. Tubos e botellas de cristal con auga para a invención dos instrumentos.
17. Material para o taller de instrumentos.
18. Espazo para realizar as danzas.
19. Láminas mural explicativas colocadas na aula de diversas temáticas.
20. Láminas de diagramas sonoros y musicogramas.
21. Mural dun mapamundi e bola do mundo.
22. Micrófonos e cableado para a gravación nun pequeno estudio de son.
23. Andeis e armarios abertos para colocar o instrumental, baquetas e partituras.
24. Franelogramas e xogos musicais, bingo, cartas e trens de ritmo.

7.2**HORARIO DE CLASES**

HORARIO DE MÚSICA				
a 09:50				
a 10:40				
a 11:30				
a 12:20	R E C R E O E H O R A D E L E R			

a 13:10					
a 14:00		Mixto 5º e 6º	Mixto 3º e 4º		Mixto 1º e 2º

8.**PROXECTOS DE CENTRO*****PLAN TICS***

O tratamento das TIC realízanse nunha serie de actividades de consecución das destrezas necesarias que permitan ao alumnado valerse por si mesmo na utilización de programas multimedia, a Internet, autoaprendizaxe e ocio por medio das TIC. Preténdese traballar e comprender o seu funcionamento como ferramenta interactiva e fonte de información. Os obxectivos que se pretenden dende o traballo musical son.

- Uso da cámara dixital para a gravación de actividades de aula a nivel audio e vídeo, reprodución musical en distintos formatos.
- Documentación e manipulación da información en formato dixital.
- Traballo con presentacións dixitais, arquivos multimedia, reprodución musical, etc.
- Traballo de documentación para a elaboración dun cancionero musical na aula.
- Manexo de aplicación como Layar, códigos Qr e blog de música.

PLAN DE CONVIVENCIA

Busca xerar un bo ambiente de clase, fomentar a resolución de conflitos pacífica e autónoma no alumnado, traballado no consenso e elaboración das normas da clase, tomar decisións conxuntas, celebración do Día da Paz, debates e críticas, e folclore de todo o mundo.

PLAN DE LECTURA

O plan de fomento da lectura pretende que o alumnado traballe a lectura mediante a interpretación de cancións e traballos de documentación en distintos formatos sobre lendas de diversas culturas, documentación biografías de autores e o tratamento dos textos en programas de concerto, grandes eventos, sonorización de contos, biblioteca de música na aula, toma de apuntes, etc.

Actividades previstas no proxecto lector do centro (PLC).

Participarase en todas as actividades propostas polo equipo de biblioteca.

Prácticas de comprensión e de fomento da lectura.

Dende música levaranse a cabo actividades que fomentan a lectura a partir de textos traballados na clase de música como cancións, contos musicais, lectura dos exercicios, de ensinar aos alumnos e alumnas a utilizar materiais impresos como instrumentos de aprendizaxe, comunicación, ocio e disfrute. Manipulación con soltura do uso do Blog de música SOLMUSICARE, e, sobre todo, a promoción entre os alumnado do gusto pola lectura como medio de información, entretemento e ocio, o uso da biblioteca de aula con material musical, contos, sobre compositores, músicas doutros lugares e doutras culturas. biografías de compositores, construción de instrumentos, curiosidades, dificultades, querer aprender a aprender.

9.

ADDENDA:ADAPTACIÓN COVID-19

9.2

Obxectivos da Addenda

Adaptar esta programación didáctica, deseñada para o ensino presencial, á situación de pandemia coa finalidade de continuar co seu desenvolvemento no caso de ter que recurrir ao ensino non presencial.

1. Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
2. Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
3. Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
4. Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
5. Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

9.2 Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 19/20

Extraídos dos informes de avaliación final do curso pasado.

No campo musical as aprendizaxes son máis prácticas e non se realizaron exercicios vocais nin instrumentais, centrando a acción educativa nas audicións musicais, acústica e traballo técnico instrumental rítmico con instrumentos de elaboración propia.

9.3 Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial da área coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado

Unha vez realizadas as entrevistas iniciais, probas de avaliación inicial, exposicións de traballos e dinámicas de aula observamos as seguintes carencias que serán de prioritario traballo neste curso:

1. Creatividade e iniciativa persoal limitada na improvisación rítmica e de movemento.
2. Técnica instrumental pobre en instrumental de pequena percusión.
3. Escasos coñecementos de eventos musicais e cultura musical exceptuando a música actual.

9.4 Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do curso 20/21

a) Revisión dos obxectivos de área

Os obxectivos desta área non se modifican.

b) Revisión das competencias clave

As competencias clave non se modifican

c) Revisión dos contidos

Traballaranse os contidos dos bloques que quedaron sen impartir no curso pasado enumerados no punto 10.2 desta addenda, integrándoos dentro dos deste curso para reforzalos e afianzar esos coñecementos previos antes de amplialos.

9.5 Adaptacións necesarias á docencia non presencial

a) Metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais (modalidade telemático).

Empregaremos a aula virtual, coas canles de comunicación propias desta aplicación e a maiores publicitaremos algunhas tarefas grupais e proxectos na páxina web.

Non realizaremos videoclases e as actividades estarán colgadas na plataforma contando e serán planificadas de xeito que poidan ser levadas a cabo co material da casa, buscando sempre actividades que non precisen dunha supervisión constante como a técnica instrumental de determinados instrumentos como Ukelele, batería, piano ou láminas. Para compensar este inconveniente realizaranse traballos con instrumentos virtuais para gravación de audios.

A nivel vocal propoñeranse actividades de gravación de xogos vocais, sonorización de contos e relatos e cancións que propoña o alumnado que non impliquen unha dificultade de aprendizaxe, acompañando a ser posible dun vídeo para traballar a afinación propia do traballo vocal.

O traballo rítmico e instrumental quedará reducido a esquemas rítmicos con instrumentos caseiros, taller de creación instrumental con manuais de construción de instrumentos e a nivel melódico realizaranse traballos en instrumentos virtuais.

A nivel corporal e de danza poporanse actividades que non serán valoradas para avaliación posto que non se pide que envíen o vídeo para revisión, quedarán como propostas de traballo para mellorar a coordinación con desfiles, danzas, etc que se acompañarán con un vídeo explicativo.

A avaliación debe ser un proceso continuado ao longo de todo o curso escolar, por iso, para sistematizala establécense tres momentos diferentes:

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, con obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa. Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.
- **Avaliación sumativa**, na que se valora, sobre todo, o grado de adquisición das competencias clave, expresadas nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e os descritores; é dicir, avaliación do resultado.

Qué avaliar:

Os **criterios de avaliación** presentes na miña programación didáctica, son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir na materia de Relixión neste curso.

O **Estándar** especifica o nivel ou grao no que se debe dar un criterio para tomar unha decisión avaliativa. Os criterios e estándares son os que orientan todo o proceso da avaliación, ambos convértense no referente para a avaliación das aprendizaxes como para valorar a adquisición das competencias básicas.

Os **descritores** son indicadores que informan da adquisición ou grao de desempeño na competencia.

Na programación de aula establécense a vinculación en criterios-estándares e descritores e as competencias que desenvolven.

A observación continua e sistemática da evolución personalizada de cada alumno ou alumna constituirá a técnica básica de obtención de información. En función da estrutura da programación didáctica, propónse o uso de rúbricas de avaliación para observar o grado de adquisición das competencias.

Na miña programación de Primaria utilizaranse preferentemente os seguintes instrumentos de avaliación:

- Follas de seguimento.
- Realización de probas obxectivas orais e escritas.
- Producións escritas e plásticas.
- Control dos cadernos e libros.
- Autoavaliación.

Criterios de cualificación.

A continuación establecerei os criterios de cualificación e adxudicarei unha porcentaxe á ponderación de cada criterio na cualificación final. Poderían considerarse:

- 25% Traballos que o alumnado vai realizando dentro da aula.
- 25% Actitude e comportamento ante a aprendizaxe.
- 25% Probas de avaliación.
- 25% Caderno.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

O finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan o docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propónse unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ó remate de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS EVALUAR	A	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas				
Desenrolo dos obxetivos didácticos				
Manexo dos contidos na unidade				
Descriptor e desempeños competenciais				
Realización de tarefas				
Estratexias metodolóxicas seleccionadas				

Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención a diversidade			

11. Deseño da avaliación inicial.

Durante as primeiras semanas do curso, realizarase unha avaliación inicial aos alumnos/as para coñecer a situación de partida. Os recursos empregados para realizar dita avaliación son:

. Suxestións de actividades: Axudan ao mestre/a a coñecer o punto de partida do alumnado a partires da observación directa. Estas actividades realizaranse de xeito individual, por grupos ou toda a clase e están relacionadas cos criterios de avaliación.

. Probas escritas: Fichas fotocopiáveis para a avaliación individual, que permiten coñecer o estado do alumno/a respecto a cadanseu criterio de avaliación.

. Formulario de rexistro persoal: Folla fotocopiábel para consignar o resultado da valoración de cada alumno. (No caso de 1º de Primaria tamén se terá en conta para realizar a avaliación inicial de curso e de Etapa o Informe persoal de Educación Infantil).

12. Medidas de atención a diversidade.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles á vez ca unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Do establecemento do nivel de competencia curricular do grupo clase (evidenciado a partir da avaliación inicial), que tomaría como referencia os mínimos exigibles asociados ao curso-nivel anterior, derívanse:

- Medidas xerais de grupo (metodolóxicas, curriculares e organizativas).
- Actividades de reforzo e afondamento ou enriquecemento curricular.
- Planes individuais para o alumnado con dificultades.
- Adaptacións curriculares non significativas de grupo ou individuais (metodolóxicas, organizativas, nos procedementos e instrumentos de avaliación, na priorización de contidos).

- Adaptacións curriculares significativas individuais para alumnado con necesidades educativas especiais ou con outras necesidades específicas de apoio educativo que as precisen.
- Adaptacións curriculares significativas de ampliación para alumnado con altas capacidades.

En calquera caso, as medidas de atención á diversidade poden e deben contar co asesoramento dos servizos de orientación do centro.

A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social.

Fichas de ampliación preparadas para tal fin adecuadas a cada unidade.

13. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Dáranse solucións de carácter práctico para darlle resposta á formación integral, as actividades estarán abertas á vida cultural, ao medio social, en definitiva, á realidade de hoxe en día.

As actividades complementarias intégranse na programación didáctica porque contribúen a desenvolver os obxectivos e contidos do currículo. Contribúen a conseguir unha escola máis atractiva para todos os membros da comunidade educativa, a incrementar o interese por aprender do alumnado e facilitan a xeneralización das aprendizaxes tanto dentro coma fóra do contexto escolar. Son actividades que lles van permitir aos nenos e ás nenas establecer relacións directas co seu grupo de clase, con outros grupos, co medio (o seu barrio, lugares de lecer, parques, seres vivos...). Os obxectivos destas actividades serán que os nenos e nenas vaian afianzando pouco a pouco o sentido de pertenza e, ademais, van favorecer a creación de actitudes tan positivas coma o interese, a curiosidade, o respecto, a solidariedade, etcétera.

Con este cometido incluiremos recursos para que os pequenos e as pequenas complementen o proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dunha serie de actividades para ampliar ou reforzar segundo crea necesario. Ademais, en cada unha das unidades didácticas, proporánse actividades para realizar en grupo, saídas, visitas culturais guiadas, dramatizacións, realización de obradoiros e recunchos, actividades psicomotrices, musicais... Tamén se vai favorecer, a través dos materiais para a aula, o uso colectivo co fin de que contribúan ao desenvolvemento social, xa que proporcionan ocasións para compartir, para axudar e colaborar e para poñerse no punto de vista dos outros.

Debido á realidade actual da Covid19 , polo momento a maioría destas actividades non poderán levarse a cabo e aquelas que se decidan realizar apostarán sempre pola seguridade do alumnado e profesorado e seguirán estritamente o protocolo establecido.

14. Deseño das actividades de reforzo/recuperación para o alumnado

Fichas preparadas para tal fin adecuadas a cada unidade.

- Actividades de reforzo.
- Actividades de ampliación
- Diferentes traballos cooperativos
- Actividades complementarias
- Lecturas
- Variación dos recursos materiais que presentan os contidos
- Reforzo dos logros
- Demostración do valor funcional dos contidos a traballar
- Apoio dentro da aula polo mestre
- Probas orais e escritas.

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

Esta avaliación será formativa e sumativa e quedará recollida neste caso, por un informe realizado por un observador experto (mestra titora).

Neste apartado avaliaranse todas as variables que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe: obxectivos, contidos, metodoloxía, temporalización, espazos...

Os puntos a ter en conta na elaboración do informe serán:

- A práctica educativa foi:
- Adaptouse ás necesidades do alumnado:
- Conqueríronse os obxectivos establecidos:
- O grao de consecución das competencias foi:
- Foi dabondo o tempo empregado na unidade:
- A organización do espazo foi axeitada ao noso grupo de alumnos e de alumnas:

Os materiais utilizados foron suficientes, motivadores, atractivos:

Rexistro de avaliación do proxecto educativo

A planificación da ensinanza: Indicadores

- . proxecto curricular
- . as programacións de aula
- . contido da programación
- . nivel de flexibilidade na aplicación da programación.

(Valorarse como: Axeitado/Non axeitado/Observacións).

Debido á situación actual vivida pola Covid 19 , dita programación poderá sufrir ao longo do curso as modificacións necesarias por causa de confinamentos e seguindo ás órdenes da Consellería de Educación.

CEIP DE REFOXOS

Valores cívicos e sociais

3ºEP

Curso 2021-22

MARIO LÁZARO JUANES

Contido

<u>Base legal.</u>	3
<u>Introdución e contextualización.</u>	3
<u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.</u>	4
<u>Concreción dos obxectivos .</u>	4
<u>Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.</u>	4
<u>Concrecións metodolóxicas que require a materia.</u>	4
<u>Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.</u>	4
<u>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</u>	4
<u>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.</u>	4
<u>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.</u>	5
<u>Medidas de atención á diversidade.</u>	5
<u>Concreción dos elementos transversais.</u>	5
<u>Actividades complementarias e extraescolares programadas.</u>	5
<u>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.</u>	5

Base legal.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, LOMCE, que modificou a Lei orgánica 2/200, do 3 de maio, de educación (LOE).

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021.

Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.

Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

Introdución e contextualización.

O noso centro é un colexio rural cunha área de influencia que abarca as dúas parroquias do interior do Concello de Oia: Loureza e Burgueira. O contexto sociolingüístico é galego falante case na súa totalidade cunha grande influencia do castelán cada curso máis palpable.

O alumnado está agrupado en 5 grupos mixtos: 4º Educación Infantil (7 alumn@s), 5º e 6º Educación Infantil (13 alumn@), 1º e 2º EP (8 alumn@), 3º e 4º EP (10 alumn@), e 5º e 6º EP (6 alumn@), En total este curso temos escolarizadas a 44 crianzas: 20 en infantil e 24 en primaria.

O grupo de terceiro está composto por unha nena.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Comunicación lingüística

Comprensión: oral e escrita

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.

Expresión: oral e escrita

- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.

Normas de comunicación

- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Matemática, ciencia e tecnoloxía

Coidado do ámbito natural e dos seres vivos

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.

- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e das repercusións para a vida futura.

Vida saudable

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.

A ciencia no día a día

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.

Manexo de elementos matemáticos

- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

Razoamento lóxico e resolución de problemas

- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Dixital

Tecnoloxías da información

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos como a web escolar.

Comunicación audiovisual

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

Utilización de ferramentas dixitais

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das ferramentas TIC para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Aprender a aprender

Perfil de aprendiz

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

Ferramentas para estimular o pensamento

- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos

Planificación e avaliación da aprendizaxe

- Planificar os recursos e os pasos necesarios no proceso de aprendizaxe.

- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Sociais e cívicas

Educación cívica e constitucional

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.

Relación cos demais

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Compromiso social

- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido da iniciativa

Autonomía persoal

- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos demais e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Liderado

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo sobre intereses persoais.

Creatividade

- Xerar novas e diverxentes posibilidades.
- Configurar unha visión de futuro positiva e sustentable.
- Encontrar posibilidades no contorno de xeito imaxinativo.

Iniciativa

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Conciencia e expresións culturais

Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

Expresión cultural e artística

- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Concreción dos obxectivos .

- Valorar o patrimonio natural para desenvolver pautas de respecto á natureza.
- Identificar as necesidades fundamentais dos seres vivos.
- Identificar e describir as características xerais das plantas e dos animais.
- Valorar a importancia das plantas como produtoras de alimentos e como reguladoras dos gases do aire, e desenvolver pautas de respecto cara ás plantas.
- Coñecer as distintas relacións que os seres humanos establecemos cos animais, como fontes de alimentos e produtos, como axuda no traballo, como compañía, etc., e desenvolver hábitos de respecto e coidado cara a eles.
- Identificar accións que contaminan a auga e o aire, e que prexudican as plantas e os animais, comprendendo a importancia do coidado da natureza.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información, aprender e compartir coñecementos, e valorar a súa contribución á mellora das condicións de vida.
- Analizar e valorar criticamente algunhas manifestacións da intervención humana no medio, e adoptar un comportamento de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do patrimonio natural.
- Elaborar unha imaxe realista dun mesmo/a atendendo ás características físicas e á personalidade mediante a toma de conciencia de que os seres humanos somos unha peza máis dos ecosistemas non que vivimos.
- Realizar tarefas relacionadas co medio ambiente que permitan a autoconciencia emocional, a expresión das emocións e o respecto polas motivacións e intereses persoais.

- Tomar conciencia dos propios sentimentos negativos para canalizar as emocións, superar os problemas e desenvolver un maior autocontrol como parte lóxica das actividades grupais e en parella que se realicen ao longo do curso.
- Proceder de forma reflexiva antes de actuar sopesando os pros e os contras das súas accións á hora de tomar decisións sobre cal é a mellor maneira de levar a cabo as tarefas propostas ao comezo das sesións de clase polo profesorado.
- Xerar situacións que promovan a responsabilidade, a iniciativa persoal e accións creativas que posibiliten a consecución dos obxectivos propostos relativos ao coñecemento, respecto e goce do entorno natural e dos outros seres vivos que forman parte del.
- Valorar o dereito dos nenos/as a gozar dun entorno natural saudable explicando condutas que aseguren o cumprimento deste dereito e resaltando a igualdade de dereitos de nenos e nenas.
- Participar en actos comunicativos diversos que permitan expresar abertamente ideas, sentimentos, intereses e/ou necesidades considerando ás persoas que o rodean sen renunciar aos seus propios dereitos.
- Participar en discusións sobre a problemática medioambiental que permitan explicar e entender ideas e opinións persoais, escoitando de forma activa antes de responder os demais.
- Valorar e respectar as diferenzas individuais intentando comprender as diversas maneiras de actuar ante unha mesma situación cando se realicen actividades nas que estean implicadas varias persoas e teñan que poñerse de acordo na distribución de tarefas para un mellor aproveitamento do tempo e a obtención de mellores resultados.

- Tomar conciencia da importancia das relacións entre os compañeiros/as, as aprendizaxes que xeran e os vínculos de afecto que se establecen cando se traballa cun obxectivo común importante para todos/as nalgunha dos ámbitos de traballo nos que se desenvolve este proxecto.
- Traballar en equipo utilizando o diálogo e estratexias de medición para resolver conflitos, coñecer as persoas e favorecer a interacción positiva do grupo amosando sensibilidade cara aos estados de ánimo e intereses dos demais e expresando as nosas demandas de forma pacífica e asertiva.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

- 1.1. Identifica e expresa adecuadamente os seus estados emocionais.
- 1.2. Realiza unha análise realista da súa realidade persoal e social.
- 1.3. Manifesta actitudes asertivas na interacción social.
- 2.1. Manifesta sentimentos positivos cara a un mesmo e confía nas propias posibilidades participando en actividades cooperativas.
- 2.2. Consegue a aceptación dos compañeiros e forma parte activa nas dinámicas de grupo.
- 3.1. Mantén unha actitude positiva ante os contratempos durante a realización das tarefas.
- 3.2. Utiliza o pensamento positivo para regular as emocións desagradables.
- 3.3. Sabe esperar as gratificacións e tolera a frustración durante a realización das tarefas escolares.
- 4.1. Delibera e decide de forma responsable sobre as propias accións, expresándoo se é necesario.
- 4.2. Experimenta e mostra satisfacción na realización das tarefas.

- 4.3. Realiza as tarefas dándose razóns para obter entusiasmo e interese.
- 5.1. Comprende e expón oralmente a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.
- 5.2. Investiga a situación dos nenos e as nenas traballadores nalgúns países.
- 5.3. Razona publicamente sobre as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

- 1.1. Expresa libremente sentimentos e pensamentos durante as conversacións e os debates na aula.
- 1.2. Comunícase de modo tranquilo e agradable cando dialoga en clase.
- 1.3. Utiliza correctamente a dicción, o ton e a actitude corporal en exposicións orais.
- 2.1. Mostra interese ao escoitar e dálle sentido ao que se fai no traballo cooperativo.
- 2.2. Escoita e entende desde o punto de vista do que fala no traballo cooperativo.
- 2.3. Responde de forma reflexiva sobre o tema que se trata durante o traballo cooperativo.
- 3.1. Interpreta as actitudes dos demais e elabora hipótese sobre as causas que as inducen e os sentimentos que as acompañan nas actividades cooperativas.
- 3.2. Explica a forma en que outras persoas resollen algúns problemas durante a avaliación.
- 3.3. Responde a reaccións inesperadas dos seus compañeiros con tranquilidade durante as tarefas interactivas na aula.
- 4.1. Comprende e pon de manifesto a posibilidade de aprender das diferentes maneiras de actuar ao colaborar.
- 4.2. Mantén relacións próximas e comprensivas cos compañeiros nas actividades grupais.
- 4.3. Ofrece confianza e confía nos demais na interacción social da aula.
- 5.1. Comprende e valora as relacións de compañeirismo e amizade na autoavaliación.

- 5.2. Manifesta o seu goce coas experiencias compartidas cos compañeiros na aula e no colexio.
- 5.3. Acepta as achegas das outras persoas para ampliar a realidade nos intercambios de ideas.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

- 1.1. Actúa valorando as consecuencias das accións.
- 1.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais.
- 1.3. Expressa publicamente a súa valoración da amizade e a importancia de coidar as relacións.
- 2.1. Expressa o modo en que resolvería conflitos reais ou simulados.
- 2.2. Entende que hai máis dunha forma de resolver os problemas e emprega o pensamento creativo para encontrar solucións a conflitos.
- 2.3. Representa conflitos desde o punto de vista das partes.
- 3.1. Deféndese, expresa queixas adecuadamente e é capaz de pedir favores durante a interacción social na aula.
- 3.2. Establece vínculos comunicativos sen agredir os seus interlocutores nin quedar sometido á súa vontade na aula e durante o xogo.
- 3.3. Confía nas súas posibilidades de defender os posicionamentos persoais sen distanciarse dos demais cando traballa en equipo.
- 4.1. Coñece e respecta normas elementais de relación e convivencia no ámbito local.
- 4.2. Regula o seu comportamento en diferentes situacións cotiás de acordo coas normas do colexio.
- 5.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.
- 5.2. Razona a valoración de situacións reais, expostas na internet, en relación cos dereitos do neno.
- 5.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.
- 6.1. Desenvolve hábitos de convivencia e comportamento responsables.

- 6.2. Valora a vida en sociedade e as relacións cos demais.
- 6.3. Mostra interese polos demais e predisposición a compartir pensamentos e sentimentos nun clima de confianza e respecto mutuo.
- 6.4. Valora outras culturas e interacciona de forma positiva con diferentes persoas.
- 7.1. Mostra interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela.
- 7.2. Participa na medida das súas posibilidades na conservación dos bens naturais, razoando os motivos.
- 7.3. Leva a cabo pequenas iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos e expoñéndoos mediante imaxes dixitais.
- 8.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación vial.
- 8.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das tecnoloxías da información e a comunicación.
- 8.3. Expón publicamente as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.

Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Sociais e Cívicos:

Os alumnos han de formarse na reflexión e a vivencia dos valores ao longo de toda a Educación Primaria; para iso, deberán formarse no respecto dos dereitos humanos e Das liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que axudarán a construír a súa identidade individual para poder chegar a construír unha sociedade colectiva con valores cívicos e socialmente recoñecidos.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que

necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciáanse no desenvolvemento da estimulación do pensamento crítico, a asimilación de valores, na toma de decisións desde xuízos morais e resolución de problemas polo que deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar as diferentes habilidades para desenvolver a capacidade de crear espazos de convivencia pacífica, democrática cuns valores socialmente recoñecidos.

Os contidos da área de Valores Sociais e Cívicos están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.

Usaremos os materiais seguintes:

- Libro do alumno para cada área.
- Recursos multimedia.
- Recursos fotocopiáveis con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Cadernos complementarios ao libro do alumno.
- Cartaces e murais.
- A biblioteca do centro para a procura de información.
- As TICS para a procura de información e elaboración de traballos.
- A pantalla dixital.
- O entorno social do colexio: Familias da comunidade escolar, asociacións veciñais, comunidades de montes, concello...
- Publicacións sobre os distintos temas.
- Libros de narrativa relacionados cos temas tratados.
- Materiais e recursos aportados polo alumnado: investigacións persoais, fotografías, vídeos caseiros
- O entorno natural do colexio: Poza das rás, invernadoiro, horto escolar, xardín botánico....
- Materiais de laboratorio.
- Materiais para a realización de traballos artísticos.
- Os instrumentos musicais da aula de música.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

1. Formar unha imaxe axustada dun mesmo, das súas características e posibilidades, desenvolvendo a autoestima e a independencia emocional.
2. Desenvolver o autocoñecemento e o respecto dos propios intereses e motivacións participando nos traballos de equipo.
3. Canalizar as emocións e buscar o benestar persoal a través do diálogo interno.
4. Reflexionar sobre as accións, identificando vantaxes e inconvenientes dunha decisión antes de tomala e xerando iniciativas e alternativas persoais.
5. Coñecer o carácter universal dos dereitos do neno e comprender a importancia dos dereitos dos nenos e das nenas relativos á axuda e á protección, realizando unha valoración razoada de condutas en relación á protección destes dereitos.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

1. Practicar unha comunicación aberta e directa, expresando os propios intereses e necesidades e tendo en conta as outras persoas sen renunciar aos propios dereitos.
2. Saber escoitar antes de responder entendendo e aceptando as opinións dos demais.
3. Comprender as actitudes, os sentimentos, os problemas e as reaccións dos outros, poñéndose no seu lugar e afrontando de modo adecuado as súas respostas emocionais.
4. Adoptar unha actitude positiva ante as diferenzas individuais, identificando diferentes maneiras de actuar ante unha mesma situación, comprendéndoas e tolerándoas.
5. Apreciar as relacións entre compañeiros, valorando as aprendizaxes que orixinan e a posibilidade que ofrecen de establecer vínculos de afecto.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

1. Mostrar iniciativas de participación respectando os estados de ánimo e os intereses dos demais.
2. Practicar a resolución de conflitos reflexiva e dialogante comprendendo que a mediación é unha vía pacífica de afrontar os conflitos, que axuda a dialogar coas persoas, comprendelas, aceptalas e chegar a acordos con elas.
3. Explicar con respecto os intereses e as necesidades, sen renunciar aos propios dereitos, entendendo que a asertividade se basea nunha comunicación adecuada.
4. Coñecer e respectar as normas de convivencia no ámbito local.
5. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación cos dereitos do neno e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.
6. Valorar a solidariedade e contribuír ao benestar da familia e da clase comprendendo e apreciando a vida en sociedade e a interculturalidade.
7. Realizar un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias.
8. Valorar as normas de mobilidade vial, analizando as causas e as consecuencias dos accidentes de tráfico.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

En cada avaliación:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación del traballo competencial	30
Probas de avaliación escritas	30
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	40

Calificación total	
---------------------------	--

A final de curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1. ^a Avaliación	30
2. ^a Avaliación	30
3. ^a Avaliación	40
Calificación total	

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Entre as dúas primeiras semanas de clase levarán a cabo diferentes observacións e probas de avaliación inicial para, a través delas, comprobar o nivel de competencias curriculares que cada alumno posúe despois do verán.

As mesmas consistirán na realización de diferentes exercicios de recordo dos contidos e procedementos máis importantes traballados no curso anterior, que potencien a aprendizaxe das competencias craves determinadas na LOMCE.

Destas probas obteranse varios resultados que nos darán luz para comezar o curso no punto de partida en que se atope a maioría do alumnado e promover actuacións e traballos individualizados e/ou colectivos para cada un ofrecidos a aqueles alumnos/as que o necesiten.

Así mesmo poderemos decidir neste momento que alumnado será obxecto de apoio por parte dalgún especialista (AL), consultado e consensuado co DO ou cal deles necesitará RE ou ACS e en que área necesitarao.

A través dela poderemos elaborar unha descrición do grupo contestándonos entre outras a unha serie de cuestións do tipo:

1. Número de alumnos
2. Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade ...)
3. Que fortalezas ten no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

4. Que necesidades ten o grupo e como se van abordar? (Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas ...)
5. Que fortalezas se identifican no grupo en canto a aspectos competenciais?

Medidas de atención á diversidade.

Para levar a cabo un plan específico de medidas de atención á diversidade e á inclusión do alumnado e máis especificamente do alumnado con algún tipo de necesidade específica de apoio educativo (N.E.A.E.) partiremos da avaliación inicial levada a cabo nas 2 primeiras semanas do curso e descrita as súas actuacións no punto 9 desta programación anual.

Despois de elaborar a descrición do grupo unha vez realizada a avaliación inicial, deberemos recoller as necesidades individuais de cada alumno/a, así como as necesidades grupais da aula en xeral.

Neste punto podemos servirmos dunha serie de cuestións que podemos contestarnos do tipo:

1. Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou persoalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (Ter en conta aos alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).
2. Que medidas organizativas imos adoptar? (Planificación de reforzos, localización de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
3. Que medidas curriculares imos adoptar? Que recursos imos empregar?
4. Que modelo de seguimento imos utilizar con cada un/a de eles?
5. Cada canto e como imos avaliar os seus progresos?

Así mesmo poderemos decidir que alumnado será obxecto de apoio por parte dalgún especialista (Ao)/Ao), consultado e consensuado co DO ou cal deles necesitará RE ou ACS e en que área necesitarao.

Concreción dos elementos transversais.

A concreción dos elementos transversais, realizaranse a través de tódalas áreas, sempre tendo en conta as circunstancias actuais.

Actividades complementarias e extraescolares programadas.

As actividades que levarán a cabo ao longo do curso, tanto complementarias como extraescolares, quedan reflectidas na Programación Xeral Anual (PXA), aprobadas por todo o Claustro de profesores/as e polo Consello Escolar do Centro.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Neste apartado pretendo promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propónse unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			

Atención á diversidade			
------------------------	--	--	--